

comarca

Comezaron as obras de renovación da estrada que une Sarria e O Páramo. **Pax. 10**

o incio

Aprobada a ratificación da adhesión ao servizo de atención temperá. **Pax. 13**

láncara

A festa do mexillón retómase o 15 de abril tras dous anos parados pola pandemia. **Pax. 15**

o páramo

Farán melloras no campo da feira cunha achega da Deputación provincial. **Pax. 16**

triacastela

Entrevista á alcaldesa da localidade, que fala da relevancia do Camiño. **Pax. 17**

Impulso do patrimonio e das infraestruturas



a magdalena. Volven loitar para obter a declaración de BIC para o mosteiro

capd. Rematan as obras de substitución das cubertas do centro e do pavillón

edar. O CHMS saca a licitación as obras de saneamento da depuradora por 2,4 millóns de euros

Entrevista a Benjamín Escontrela

É o concelleiro de Benestar Social no Concello de Sarria. **Pax. 4**

Aprobación do Plan Único en abril

A Deputación acorda urxirle á Xunta que asuma o custo da acometida ás torres de telefonía. **Pax. 19**

Volve a Copa Deputación de fútbol

Dará comezo o 17 de maio e participarán 76 equipos das diferentes categorías. **Pax. 22**

O Buril bule de actividade



Acollerá tres actividades diferentes durante o mes de abril. **Pax. 7**

Regresa o San Isidro



Sarria acollerá a XXII edición desta feira os días 28 e 29 de maio. **Pax. 7**

Feira en Láncara en maio



O día 1 recupérase a Feira da Tenreira Galega na Pobra de San Xiao. **Pax. 15**

Pack Familia
Internet
Fibra Óptica
600Mbps
2 liñas móbiles
chamadas ilimitadas
24Gb de Datos
Teléfono Fijo
Televisión
59.€
*Engade mais liñas móbiles desde 6,90€

Pack Económico
Internet
Fibra Óptica
100Mbps
1 liña móbil
chamadas ilimitadas
15Gb de Datos
35.€
*Engade mais liñas móbiles desde 6,90€

ITS SARRIA
C/ Calvo Sotelo 192, Baixo. 27610 Sarria (Lugo). Tel.: 982 093 000
info@its.gal / facebook.com/ITSarria / @its.comunicacions / www.its.gal

Prezos finais con IVE incluído. Chamadas limitadas con uso razoable, máximo 3000 minutos ou 150 destinos distintos. O servizo de teléfono fijo inclúe 500 minutos de chamadas a fijos e 60 minutos a móbiles. pack TV inclúe 80 canais en aberto, pódense vincular ata 3 dispositivos e dispón de 60 horas de gravacións en 30 días. Alta gratis suxeita a permanencia de 12 meses. Se o cliente solicita a rescisión dos servizos ou se dá de baixa antes dos 12 meses de permanencia, terá unha penalización máxima por incumprimento de 120€ (IVE incluído).

SARRIA

A empresa do servizo de lixo reclama ao Concello 68.500 euros

Cespa, a empresa encargada do servizo de recollida de lixo, reclamou ao Concello 68.500 euros debido aos atrasos dende agosto de 2017 ata xullo de 2020, o último ano no que se prorrogou o contrato. O alcalde Claudio Garrido afirma que esta reclamación foi propiciada pola falta de actualización das taxas do IPC durante os últimos anos, igual que a ordenanza do alcantarillado, depuración e auga que está sen actualizar dende 2015.

No pleno de decembro, tratouse un incremento da taxa de depuración do 6,5 rexeitada polos grupos da oposición debido á crise económica actual. Neste senso, o alcalde cualificou esta conduta como irresponsable ao supor un quebranto económico para o Concello. Esta situación supón o enfrontamento entre as empresas e o Concello. O feito de non incrementar o IPC impide cumprir os contratos e supón un custo maior para as arcas municipais.

Volverán loitar pola declaración do mosteiro da Magdalena coma BIC

O Concello de Sarria volve a loitar pola declaración do mosteiro da Magdalena coma Ben de Interese Cultural. No último pleno ordinario celebrado no Concello aprobouse por unanimidade retomar o expediente para conseguir esta distinción. O expediente comezou a elaborarse no 2013 e paralizouse por motivos descoñecidos, polo que na actualidade retomarase a xestión para poñer en valor a riqueza patrimonial e histórica desta edificación.

A declaración de Ben de Interese Cultural suporía unha maior protección para o mosteiro e permitiría o acceso a diferentes axudas de rehabilitación e coitado da edificación que data do ano 1200.

O mosteiro da Magdalena é Un



edificio que, actualmente, funciona coma albergue relixioso para peregrinos do Camiño de Santiago e para turistas que visita a vila. De feito, esta nova funcionalidade adquiriuna a partir do ano 2012.

O mosteiro atópase preto do

casco histórico da cidade e fundouse sobre o ano 1200, na mesma época que a vila de Sarria. Segundo a tradición, dise que foron dous italianos que volvían da súa peregrinación de Santiago, os que decidiron fundar un mosteiro e un hospital

para atender a peregrinos. Ademais, o ano no que se conta coa primeira noticia documentada é o 1219.

Foron moitos os anos nos que o mosteiro estivo ocupado por monxes que, nun primeiro momento, seguían a regra de San Agustín. Sen embargo, xa no ano 1568 o mosteiro foi independente e constituíu o primeiro asentamento da Orde en Galicia.

Hai que destacar que o mosteiro se atopa no Camiño Francés e é a vía a Compostela máis recoñecida. De feito, a porta de entrada atópase no mesmo Camiño de Santiago e dende aí, pódese ver toda a vila de Sarria. Así mesmo, o mosteiro tamén destaca pola súa arquitectura característica e de gran valor histórico.

Reorganizan o tráfico do Barrio Andiñón

O Concello de Sarria informou a través das súas redes sociais dunha reorganización do tráfico no Barrio Andiñón que se fixo xa efectiva dende o pasado venres 25 de marzo.

Desta forma, as Rúas do Murallón, Rosalía de Castro e Frei Luís de Granada pasan a ser vías de sentido único de circulación. Tamén a rúa Murallón pasa a ser de sentido único ascendente, en dirección a

Frei Luís de Granada, a rúa Rosalía de Castro será de sentido único cara á rúa Calexa e á rúa Frei Luís de Granada, será de sentido único cara a rúa Calexa. Por outra banda, a rúa Padre Sarmiento segue a ser de dobre sentido de circulación.

Ademais, sinalizáronse novos pasos de peóns, cambiáronse outros e produciuse un cambio de sinalización tanto vertical como hori-

zontal.

Estas modificacións a cargo do plan de asfaltado e mellora das vías municipais permiten agora aparcar en ambos os dous lados das rúas.

Dende o Concello piden prudencia e atención, que non se conduta de memoria e estean atentos á nova sinalización, recordando que a velocidade máxima permitida é de 30 km/h.



GEOCLIMA ST

CLIMATIZACIÓN - FRIO INDUSTRIAL
ENERGÍAS RENOVABLES - CALEFACCIÓN

SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO

REFRIGERACIÓN

CALEFACCIÓN

SOLAR TÉRMICA

BIOMASA

Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

982 814 147 / 636 462 063 www.geoclimast.com



DÍA DO PAI. Os gañadores da campaña promocional que a Asociación de Comerciantes desenvolveu con motivo do día do pai recibiron no día de onte os seus premios. Os gañadores foron José López Sampedro e María del Carmen Magdalena Díaz cun vale de 50 euros cada un e Cristina Rodríguez Pereira, Lorena Vázquez Fernández e Paloma Martínez Pérez cun de 30 euros respectivamente. A quinta premiada renunciou ao premio, polo que se fixo uso da primeira papeleta de reserva, ocupando o seu lugar Ana Arias Neira.

Remata no CAPD a obra de substitución das cubertas

Remataron as obras de substitución das cubertas do edificio principal e o pavillón polideportivo do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Sarria, nas que a Xunta investiu 452.200 euros.

O delegado territorial da Xunta en Lugo e o director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade visitaron as instalacións para comprobar as últimas reformas realizadas, que inclúen tamén o acondicionamento da explanada de acceso, cun orzamento de 42.200 euros. Estiveron acompañados polo xefe territorial de Política Social en Lugo, Javier Vázquez Nodal, e o director do CAPD, Luis Pardo, entre outros.

Os responsables autonómicos explicaron que nos últimos meses tamén se destinaron 20.800



O CAPD de Sarria

euros a obras menores e adquisición de equipamento, entre elas a impermeabilización da terraza, a instalación de portas automáticas no acceso ao centro para poder illar dous espazos diferenciados a causa da Covid-19, a colocación de seis bancos no

xardín, e a adquisición dun autoclave, unha termoselladora e diverso mobiliario.

Coa mellora constante das infraestruturas e as dotacións garátese a funcionalidade do centro e o confort de usuarios e traballadores.

A Asociación A Muiñeira retoma a súa actividade

A Asociación micolóxica A Muiñeira de Sarria reuniuse co fin de preparar as actividades que se levarán a cabo durante este ano, aquí inclúense as xornadas de setas, rutas de sendeirismo e distintas intervencións ecolóxicas.

Desta forma, comezarán as súas actividades no mes de maio cunha saída ao campo a recoller setas, a partir de aí unha vez ao mes realizarán unha ruta de sendeirismo.

En novembro, coas súas xornadas micolóxicas levarán a cabo excursións a montes do lugar para coñecer os exemplares cos que se montará a continuación unha exposición que percorrerá os centros de ensino e será amosada a público en xeral.

Ademais, teñen previsto rea-

lizar actividades de limpeza e coidado en espazos naturais empezando polo monte Lagüela.

Este ano, 2022, é especial para a asociación xa que cumpre as súas vodas de prata. Para celebralo homenaxeará a tres socios desaparecidos, o que foi presidente José Recimil Tábora e dous veciños que formaron parte do grupo dende os seus inicios, Amadeo López Díaz e Beatriz Somoza Sobrado.

O encontro tamén serviu para actualizar a xunta directiva da asociación. O presidente é José Folgueiras, o vicepresidente José Miguel Raposo, Sara Rodríguez tesoreira e María Díaz secretaria. Como vogais actúan Eva Quiroga, Natividad Rodríguez e María José Espín.

Alumnos de Sarria visitaron o parque eólico de Monciro

Alumnos do CIFP Politécnico de Lugo e do IES Gregorio Fernández de Sarria visitaron o parque eólico de Monciro, nos municipios de Castroverde e Pol. Preto de 50 estudantes lucenses destes dous centros educativos participaron nunha visita guiada, organizada por Fundación Naturgy, na que recibiron información sobre o funcionamento do parque eólico, pero tamén sobre a montaxe e o mantemento deste tipo de instalacións. Este tipo de visitas educativas proporciona aos alumnos coñecementos técnicos actualizados aos futuros profesionais do sector do mantemento eléctrico e das ener-

xías renovables.

Esta fundación mantén un forte compromiso social con Galicia e basea o seu desenvolvemento eólico na integración económica e social dos seus proxectos naquelas zonas nas que se implanta.

A compañía sempre apostou por ter unha relación estreita cos veciños do territorio nos que se sitúan os seus proxectos, que xeran un valor compartido na comunidade. A apertura ao público das instalacións responde á vontade de transparencia no marco do seu compromiso coa transición enerxética e a súa aposta polas enerxías renovables.



O Concello estrea páxina web de turismo

O Concello deu a coñecer no día de onte a través das súas redes sociais a súa nova páxina web de turismo www.sarriaturismo.com na que se promove a vila, o camiño e os seus destinos turísticos.

Despois de moito tempo traballando nela, o Concello afirma que aínda non está terminada pero si o suficientemente avanzada para que xa se poida facer uso da mesma e entre todos se finalice.

Os veciños do lugar poden colaborar escribindo un correo electrónico a turismo@sarria.gal, facendo suxerencias, enviando fotos ou

dando conta dos erros que se poidan atopar ou de todo aquilo que boten en falta.

O concello aproveita o comunicado para solicitar aos titulares de establecementos relacionados co turismo que aínda non subiu a ficha á web o faga o antes posible e se encontran dificultades ou problemas que se poñan en contacto con eles.

Na páxina web pódese visitar Sarria de maneira virtual, coñecer os restaurantes da vila, os aloxamentos, lugares de descanso, de paseo, etc.

Muebles Celeiro

30 ANOS O SEU SERVIZO

Veña visitar a nosa exposición

Vilapedre 27614 (Ctra. Lu546, km16) Sarria - Lugo
Tel.: 982 532 451 - 625 662 962
www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com

“Para ser un bo político non se pode nin se debe vivir da política”

Benjamín Escontrela é concelleiro de Benestar Social no Concello de Sarria

Como describiría o Concello de Sarria?

Se nos referimos ao Concello en termos gráficos, definiríao como unha contorna idílica, con xentes amables, situado nunha paraxe estupenda onde, a natureza, a arquitectura, a historia, e os seus habitantes, consolidan un lugar digno de admiración, cunha alta calidade de vida. En canto ao Concello como institución, a miña concepción do mesmo sería a dunha administración, que debería defender aos seus veciños e veciñas por encima de todo, deixando de lado a pleitesía que se lles “debe” a certas siglas por defender os intereses dos nosos/as concidadáns/as.

Cal é o obxectivo da área de Benestar Social?

Unha sociedade libre, sen cadencias materiais nin afectivas, unha sociedade cohesionada que busque o ben común, posiblemente algo que moitos consideran unha utopía.

Cales son as necesidades máis urgentes?

Evidentemente, a incorporación ao equipo dun educador social, así como un mediador familiar co fin de interaccionar máis cos centros educativos e as familias. As melloras de instalacións, con salas privadas para as entrevistas con usuarios, baños, e unha recepción, instalacións que permitan a comodidade e seguridade de traballadores e usuarios. A atención a preadolescentes e adolescentes entre 12 e 20 anos, que poidan contar con asesoramen-

to de bolsas, ofertas de emprego, planificación familias, actividades... debido a que desde o meu punto de vista son o colectivo máis esquecido.

Como se está a traballar neste eido?

Estudando recursos, para poder levar estes proxectos a cabo.

Que lle pode ofrecer vostede a Sarria?

Traballo, constancia e fidelidade ás miñas conveciñas e conveciños por enriba de calquera sigla.

Como visualiza Sarria nun futuro?

Unha vila respectada e admirada, na que todos os sectores da poboación, infantés, mozos, familias, e anciáns teñan os seus espazos e recursos cubertos.

Na actualidade está a compaxinar o seu traballo como doutor, concelleiro e responsable da residencia de maiores, como está sendo esta situación?

En ocasións dura, posto que esta tempada non foi fácil debido á pandemia, con todo encántame o trato próximo coa xente, coñecer a súa problemática, e poder axudarlles en todo o que sexa posible, por tanto, gratificante, de poder estar en primeira liña, en dous aspectos imprescindibles nestes momentos para a sociedade, a sanidade, e as necesidades sociais.

Como foi a compaxinación de traballo na época covid de maior con-

taxio?

Estresante e frustrante, por toda a desinformación á que os profesionais estabamos sometidos, con todo gratificante con cada paso, con cada sorriso, con cada curación, sentía impotencia con cada falecemento, con todo cada día tiña máis ganas de loitar por motivar, e inxectar optimismo a unha poboación atemorizada.

A súa profesión intervén algo nos seus intereses dentro da súa vida política?

En absoluto, penso que para ser un bo político non se pode nin se debe vivir da política.

Cales son os seus obxectivos como político?

Converter Sarria nunha vila respectada e admirada, na que todos os sectores da poboación, infantés, novos, familias, e anciáns, teñan os seus espazos e recursos cubertos. Unha sociedade libre, sen cadencias materiais, nin afectivas, unha sociedade cohesionada que busque o ben común, posiblemente algo que moitos consideran unha utopía.

Como comezou a súa vinculación na política?

Canso de observar tanto caciquismo, tanta inxustiza, tantas recomendacións, deixando de lado a igualdade de oportunidades, decidín que se queres que algo cambie debes enfrontarte a iso e dar un paso a diante, por ti e por todos aqueles que cren en ti.

Cal é o mellor recordo que ten na súa vida política?

O apoio de todos aqueles que coma min cren que con traballo, confianza e unión, pódese conseguir o cambio, o apoio de todos os que estas dúas lexislaturas demostraron que por encima de toda sigla están as xentes de Sarria, e que non se trata dun discurso político senón da realidade, o apoio de todos aqueles que se dan conta que o pobo ten a palabra, e que cansados dun “despotismo ilustrado” adaptado á nosa época (todo para o pobo pero sen o pobo), loitan cada día porque sexa este quen recupere a palabra, o noso lema “Por, para e sobre todo co pobo”.

Que é o que máis disfruta de Sarria?

En Sarria están as miñas raíces, por tanto cada paseo polas súas rúas lémbreme momentos da miña infancia, os meus amigos, a miña familia, a casa dos meus pai, toda a miña historia está nesta vila.



ACTUALIDADE

En que está a traballar a área de Benestar Social na actualidade?

A área de benestar, ten en marcha varios proxectos, que desexa consolidar, pero non a calquera prezo, senón con todas as comodidades e recursos necesarios para a seguridade e benestar dos seus usuarios.

- A residencia de anciáns: Coa consolidación da enfermería 24 horas, e a súa próxima ampliación, reforzada coa construción dun centro de día de carácter público.
- O banco de alimentos: Que actualmente atende a 500 familias e máis de 1000 usuarios, servizo que adaptaremos a necesidades de acceso, situándoo co resto de asociacións de carácter social, no antigo ambulatorio (onde xa se atopa) pero con instalacións renovadas, seguras, e con espazos reorganizados, buscando unha venda, doazón ou cesión por parte de INS.
- SAT: Servizo da temperá, que se pode levar a cabo grazas aos representantes dos concellos de toda a comarca, O Incio, Páramo, Paradela, Triacastela, Samos, Láncara e Sarria, cuxos inicios foron un tanto difíciles, pero na actualidade, mediante a creación dunha comisión mixta, estamos a conseguir reforzar, buscando ampliación de horarios, para os técnicos, mellora das instalacións, as cales nos gustaría situar nun local municipal debidamente acondicionado incluíndo novas salas de lactación, estimulación sensorial...as cales xa estaban incluídas no proxecto

inicial, aumento dos horarios das sesións, adaptadas ás necesidades específicas de cada tratamento, terapias familiares...

- Conciliación: Adaptándose en todo momento ás necesidades das familias, sen programas de despacho, baseando o noso traballo nunha relación próxima. O esencial é preguntar o que necesita cada familia, si se pode facer, faise, senón, hai que buscar recursos para facelo, posto que a equidade, a axuda a todos os sectores da poboación que o necesitan, non tan só monetaria senón en recursos, é no que consisten as políticas sociais. E, nais e pais traballadoras necesitan horarios adaptados ás súas necesidades, lugares e profesionais onde os seus pequenos estean protexidos e o pasen ben, xoguen e aprendan, e sobre todo que se lles escoite.
- A curto prazo temos previsto aumentar horarios matinais no CEIP Antonio López, así como pintar a estancia para facela máis acolledora.
- Cambiar o mobiliario do comedor da EEII Xela Arias, e acondicionar un novo local, cedido polo Frei Luís de Granada.
- A nivel verán temos un proxecto preparado, no que se incluírá o comedor, con todo non faremos a presentación do mesmo sen reunirmos coas anpas de todos os centros educativos, ás cales hai que agradecer a súa colaboración e achega de ideas.



A camiñata do colexio A Asunción recada 2.250 euros para Ucraína

O centro educativo de Sarria A Asunción conseguiu recadar 2.250 euros co fin de axudar aos nenos de Ucraína a través dunha camiñata solidaria.

A recadación foron entregados á fundación Save the Children que enviou ao colexio un diploma de agradecemento pola doazón.

Save the Children leva operando en Ucraína dende 2014, traballando coa infancia máis vulnerable. Dende o comezo do conflito xa axudaron a máis de 400.000 nenos e nenas.

As colaboracións foron reunidas na camiñata que tivo lugar con motivo da celebración da patroa e fundadora da orde de Santa María Eugenia. Foi o alumnado o encargado de buscar os patrocinios entre os seus coñecidos, amigos e familiares, recorrendo os distintos lugares de Sarria que teñen algún tipo de relación co centro educativo.



SAVE THE CHILDREN. A Asociación está a xerar unha rede de acollida para refuxiados ucraínos en fronteira de países próximos (Romanía, Polonia e Lituania), centrándose na axuda humanitaria, repartindo alimentos básicos, mantas para combater o frío e kits de emerxencia. Proporciona espazos seguros para a infancia e atención psicolóxica para axudarlles a superar os traumas

causados polas experiencias vividas de conflito e violencia. Responde ante a separación familiar a través do rexistro de menores non acompañados para a reunificación familiar. Proporcionan asesoramento e apoio legal ás familias refuxiadas. E fan transferencias de diñeiro en efectivo para que poidan satisfacer necesidades básicas como alimentos, auga, roupa e medicamentos

O Pleno tivo como tema central o debate das mocións de urxencia do PP

O Partido Popular de Sarria solicitará un pleno extraordinario na vindeira semana despois de que a orde do día do pleno celebrado esta semana non acollera tres mocións presentadas por este grupo. Estas mocións pretendían debater a rebaixa do prezo do solo industrial na segunda fase do Morelle, a reclamación a Adif dun paso elevado na zona de Requeixo e solicitar á Xunta que cubra unha praza vacante no centro de saúde.

O PP presentaron as tres mocións de maneira urxente que foron rexeitadas polo alcalde que indicou que tan só se poden presentar dúas mocións

de urxencia por sesión plenaria e grupo. Tras isto, o alcalde instou aos populares a retirar unha das mocións e despois da negación do partido político debatéronse as dúas que foron presentadas primeiro, deixando a un lado a que tiña que ver coa Xunta e o centro de saúde.

As dúas mocións discutidas non contaron co apoio suficiente, xa que era preciso acadar a maioría absoluta, e, tan só conseguiron o apoio do PSOE e o propio partido, coa oposición do goberno e a abstención do BNG.

Segundo o voceiro do PP, José Antonio García, as dúas mocións discuti-

das foron presentadas en tempo e forma e deberían formar parte da orde do día, desta forma evitaríase ter que votar de maneira urxente.

Neste mesmo pleno aprobouse por unanimidade a iniciativa de retomar o expediente que busca declarar BIC o monasterio sarriao. O documento comezou a súa elaboración no ano 2013. Neste pleno tamén se discutiu unha moción do BNG que recollía actuacións que axudaran a mitigar o impacto da inflación actual. Esta proposta obtivo o apoio do goberno, Galicia Sempre mentres que PSOE e PP se abstiveron.



Alumnado do IES no salón de plenos municipal

Alumnado do IES Xograr Afonso Gómez analiza a sostibilidade de Sarria

O alumnado de 1º de ESO do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria realizaron coas súas titoras un traballo de investigación dentro dos programas de sostibilidade "EDUosostibilidade" e "Xeración Eco".

Durante dous meses realizaron unha análise da situación da vila de Sarria en canto a aspectos coma limpeza, reciclaxe, mobilidade, iluminación, depuración de augas, ecoloxía,.. realizaron fotografías, debateron e elevaron propostas ao Concello.

Redactaron unha carta na que resumiron as súas conclusións e aportaron ideas para mellorar a vila e facela máis fermosa, limpa e respectuosa co Medio Ambiente.

No día de onte acudiron ao Concello e foron recibidos polo Sr. Alcalde e polos concelleiros de Medio Ambiente

e Educación. Leron a carta e ensinaron e comentaron as fotografías realizadas froito do seu traballo de investigación. Os representantes do Concello agradeceron a implicación dos rapaces e expuxeron varios proxectos que están a desenvolverse no eido da reciclaxe, o compost e a iluminación con tecnoloxía LED.

Esta actividade enmárcase dentro dos obxectivos da Axenda de Desenvolvemento Sostible 2020-30 na que se recalca a importancia de que a mocidade asuma un papel activo, tanto no ámbito local como a nivel global, á hora de afrontar e resolver os problemas planetarios. Asemade con esta iniciativa quedou de manifesto a sensibilidade dos representantes políticos locais para escoitar e facer súas as inquedanzas da mocidade sarriá.



VA VEIGUELA ABOGADOS

30 AÑOS DE EXPERIENCIA EN DERECHO LABORAL

INCAPACIDADES | DESPIDOS | ACCIDENTES LABORALES

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: 982 228 606

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606

veiguelabogados | veiguela abogados

“Naceu dende o corazón e medra coas persoas que comparten ese latexo”

Nuria Candela, voluntaria na ONG Hospitaleros Sin Fronteras, con sede en Sarria

Hospitaleros Sin Fronteras es unha ONG con sede en Sarria que pretende axudar as familias desfavorecidas das zonas rurais de África. Falamos con Nuria Candela, voluntaria.

Como naceu Hospitaleros sin fronteras?

Hospitaleros sin Fronteras foi fundada en 2015 por José Mejías e Marta Cortiñas coa axuda de dous amigos tamén hospitaleros doutro albergue do Camiño de Santiago. Aínda que o xermen de todo xa se dera moito antes, nunha viaxe de turismo que ambos fixeron ao país quedando profundamente namorados da súa xente e moi impactados coa situación de precariedade extrema dos nenos talibé. Ao voltar quixeron involucrarse a outro nivel para intentar mellorar a realidade coa que se atoparon.

Cal é a súa función, de que se encarga?

É unha onegué moi pequeniña e familiar, todos facemos un pouco de todo, intentando aportar o que podemos e sumar xuntos.

Que papel ten en Senegal?

A onegué traballa para mellorar a situación dos nenos talibé. Son nenos aos que seus pais non poden manter e deixan a cargo de un marabout ou mestre coránico en daaras onde viven todos xuntos e onde supostamente lles ensinan o Corán. A realidade é que pasan a maior parte do día mendigando polas rúas da cidade ata conseguir a cantidade que deben levar diariamente. Son nenos sen dereitos de ningún tipo, abandonados a súa propia supervivencia. Podería dicirse que se disfraza unha educación inexistente cunha práctica de escravitude infantil.

Como se pode axudar e colabo-

rar?

Facéndose soci@ cubrindo un sinxelo formulario na páxina web (www.hospitalerossinfronteras.org). A cuota son 60 euros ao ano (uns 5 euros ao mes), pero pódese contribuir con calquera cantidade. Por pequena que pareza, toda axuda suma.

Cal é o seu obxectivo?

O obxectivo é traballar para mellorar a situación dos nenos talibé e facer todo o que esté nas nosas mans para conseguilo. Poden estar nas daaras ata os dezaoto anos pero despois non teñen futuro, conseguir escolarizálos para que se formen, aprendan un oficio e non rematen nas rúas ou converténdose no mesmo marabout que os maltrataou durante a súa infancia.

Cantos socios son na actualidade?

Aproximadamente somos uns 60 agora mesmo. O obxectivo é ir incrementando este número para poder seguir realizando o noso traballo.

Como afectou a covid-19 na actividade da ONG?

Fundamentalmente non nos permitiu viaxar a Senegal durante a pandemia pero puidemos seguir traballando grazas aos nosos colaboradores senegaleses.

De que forma chegan a máis xente, como se dan a coñecer ou como chegan as persoas interesadas?

Grazas ao boca a boca dos propios voluntarios que comparten a súa experiencia, os peregrinos que pasan por algún dos albergues do camiño que colaboran coa ONG e tamén ás redes sociais, tanto Instagram como en Facebook (@hospitalerossinfronteras).

Cales son os próximos eventos ou actividades?

Estamos a organizar un mercadillo africano para vender artesanía que trouxemos de Senegal e algunha cousiña máis. Será o día 21 de maio pero aínda non sabemos o sitio exacto, comunicáremolo en redes cando o teñamos confirmado. Tamén en xullo faremos unha exposición fotográfica no antigo cárcere de Sarria onde pretendemos que os asistentes poidan coñecer mellor a realidade dos nenos talibé.

Que é o que máis impacta aos voluntarios nas viaxes a África?

Cada un vive a súa experiencia particular. Son días moi intensos e frenéticos nos que se atravesan moitas emocións en moi pouco tempo. O primeiro día dos almozos quizais sexa dos máis impactantes por que é o primeiro contacto que temos cos nenos ou tamén as visitas ás daaras xa que a situación na que viven é de extrema pobreza e insalubridade.

Cal é a anécdota que recordan con máis agarimo?

Hai moitas porque nun día acontecen moitísimas cousas. Este ano coñecemos a un neno talibé pola rúa que acababa de ter un pequeno accidente cun coche. Ó principio non confiaba moito en nós, como é lóxico pero levámo-lo para facerlle as curas e de seguida conectamos con el. Cando rematamos quería pagarnos coa esmola que conseguira durante o día. É incríbel a lección de humildade que nos deu. Creo que ningún de nós se esquecerá nunca de Aladji.

Como se realiza a entrega do material recadado?

O material chega a Senegal con nós e somos nosoutros os que



nos encargamos de repartir todo o que levamos durante a viaxe: roupa, medicamentos e material escolar fundamentalmente. O resto do ano temos colaboradores da onegué en Senegal que se encargan do reparto da comida e da atención médica.

Como foi a evolución dende a súa creación ata a actualidade?

Dende a primeira viaxe a ONG medrou en número de colaboradores, socios e voluntarios podendo levar moito máis material e levando a cabo máis proxectos: os almozos diarios para case 200 nenos durante a nosa estancia, a manutención diaria durante todo o ano a uns 80 nenos, atención sanitaria a través dun convenio con sanitarios locais, realización de actividades educativas durante a estancia e clases de castelán durante todo o ano, ademais de traballar pola escolarización total dos nenos das daaras (este ano conseguímo-lo con tres), ata a adquisición dun terreiro para construír un centro de acollida con comedor, enfermería e aulas.

Fai pouco realizaron a última viaxe, como foi a acollida nesta ocasión?

Viaxamos en febreiro un grupo de dezasete persoas na súa maior parte de Sarria pero tamén de Murcia ou Barcelona. Para algúns, como para min era a primeira vez. Foi unha experiencia

moi enriquecedora e inesquecible. Xa estamos desexando voltar.

Cal é o seguinte proxecto ou en que se está a traballar na actualidade dende a ONG?

Na actualidade a ONG está a traballar na construción dun centro en Malicounda que albergue unha aula para que os nenos podan acudir ás clases, unha sala adicada aos cuidados médicos e un albergue para que os voluntarios se podan quedar máis tempo.

Como chegou a ser voluntaria da ONG?

Por unha amiga, Eva, que foi de voluntaria a viaxe anterior, no 2020. Despois fun á exposición que fixeron coas fotos que ela mesma sacou e alí coñecín a labor que desenvolve a onegué e decidín involucrarme.

Que supón para vostede formar parte deste proxecto de axuda humanitaria?

Creo que todos e cada un de nós debería colaborar do xeito que poda e axudar a que os dereitos fundamentais sexan os mesmos independentemente do punto xeográfico no que nazcas. Para min este é un proxecto que naceu dende o corazón e que segue a medrar grazas a persoas que comparten ese mesmo latexo. Síntome moi afortunada de poder formar parte del.



O Buril acolle 3 eventos en abril

A Asociación Cultural O Buril acollerá no mes de abril tres grandes eventos. A proxección dun documental e dous concertos encherán de vida e música o local social.

O primeiro evento será a presentación do documental *Una orquesta armada ¿puede la música cambiar el mundo?*, proxectarase e posteriormente haberá un coloquio co director. Esta cita terá lugar o 14 de abril ás 21.30 horas na travesía Mueblenorte de Sarria. A entrada será libre ata completar aforo.

A través de declaracións e actuacións dun crisol de músicos desgráñanse descoñecidos e emocionantes episodios da historia nos que a música se mostrou como o que realmente é: un arma, unha ferramenta para transformarse e facer do mundo un lugar mellor.



A seguinte data a gardar sería o 23 de abril xa que Doctor Snob ofrecerá un concerto ás 22.00 horas. A entrada terá un custe de 5 euros en taquilla. A agrupación naceu na Coruña como continuación de Los

Náufragos que levaban funcionando desde 1989, tras unha división interna do grupo e despois de esclarecer que o seu nome xa estaba rexistrado. O estilo segue sendo rock con pequenos toques de pop-rock español.

Para finalizar os eventos do mes, o 30 de abril, Correcaminos Rock and Roll Band ofrecerá un concerto que terá un prezo de 8 euros anticipada e 10 euros en taquilla. A apertura de portas será ás 22.30 horas e o concerto comezará media hora máis tarde, ás 23.00 horas. A banda de Rock & Roll de larga traxectoria está composta polos tres irmáns Gómez: José, Rubén e Víctor e como outro irmán máis Adolfo García. O rockabilly, o country rock e o surf son as paixóns que unen a esta banda.

A feculera é a protagonista do novo videoclip do grupo Louband

A partir do 4 de abril, o tema "O Tren" de Louband estará dispoñible en tódalas plataformas de música en streaming e, dende o día 7 de abril, a súa versión con videoclip estará en Youtube.

O tema é un arranxo propio de Iñaki L. Campo, un dos oito membros de Louband. Este versiona un mito galego de Andrés do Barro baseado na temática da emigración e refréscalo con pinceladas doutro mito, "Proud Mary", un tema escrito por John Fogerty. A primeira gravación deste tema estivo a cargo de Creedence Clearwater Revival e foi versionada despois por un sinfín de artistas como Tina Turner ou o mesmo Elvis Presley.

O videoclip foi realizado polo galaico-arxentino Nahuel Lioi, é un dos puntos a destacar do traballo. Nesta peza audiovisual aproveitáronse os contrastes de luz que se dan ao longo de todo un día, actuando como metáfora das longas xornadas que realiza o grupo cando saen levar a súa alegría



ás festas, nun lugar con historia, a vella fábrica feculera de Sarria, cedida polo concello da vila.

A música, pola súa banda, foi gravada polo venezolano Jesús Álvarez e José A. Salvador, no estudio de este último, PAN Studio. Un arxentino de sona, Gonzalo Ariel López Brouchoud, técnico de Louband, encargouse da mezcla e masterización. Louband é un grupo de música de rúa, conta con un MEAM (Micro Escenario de Alta Mobilidade), que ten os seus momentos no videoclip, des-

filando detrás dos músicos, enchendo a enorme feculera de luz, lume e confeti. É o mesmo que acompaña a Louband en tódalas actuacións, ao fin e o cabo, un membro máis...

Neste momento compaxinan o lanzamento do single coa preparación da tempada, que xa conta motores despois dun entroido que os levou a Pontevedra, Ourense, Cabañas Raras, Toral de los Vados, O Carballiño... no mes de abril xa contan con varias datas, nas feiras do viño de Sober e Quiroga e o verán será frenético.

A vila prepárase para retomar este ano a Feira de San Isidro en maio

O Concello de Sarria está a preparar a 32 edición da Feira de San Isidro que non se celebra dende o 2019 a causa da Covid. A celebración deste evento terá lugar os días 28 e 29 de maio.

Habitualmente esta festa tiña lugar no fin de semana máis próximo ao 15 de maio que é o día de San Isidro. Porén, para evitar coincidir con outras celebracións e garantir así a presenza dos veciños decidiuse apazar un pouco máis a data desta festa. A axenda da comarca está eses días moi ocupada xa que os días 7 e 8 será a Feira de San Lázaro de Antigüidades e Restauración, o 15 terá lugar o San Isidro de Paradela mentres que o 21 e 22 se

celebra o mercado de Pedrafita do Cebreiro.

Esta festa encárgase de poñer en valor dous campos moi explotados na comarca que son a gandaría e a agricultura, por iso, o programa deste evento xira en torno a estes onde se celebrará unha poxa de gando frisón e unha exposición de maquinaria agrícola.

A última vez que tivo lugar esta festa foi no 2019, nese tempo ocupou o fin de semana. Puxéronse á venda 19 exemplares de frisón, houbo unha misa, unha procesión, unha degustación gastronómica e diferentes mostras de maquinaria e produtos artesanais, todo isto amenizado con actuacións musicais.

Belén Fernández asume a presidencia da Asociación cultural Meigas e Trasgos

Tralo encontro que mantiveron os socios de Meigas e Trasgos, Belén Fernández Gayoso ocupará o cargo presidencial de maneira temporal mentres o veciño Iván Pereiro, que presentou a súa candidatura, non pode coller as rendas.

Julio Francisco, estivo ao mando da asociación dende o 2010 e a directiva considerou que facía falta unha renovación e convocou unha asemblea ordinaria.

Iván Pereiro, o veciño que presentou a súa candidatura e que será o presidente da asociación en aproximadamente un ano, leva vinculado a este grupo dende neno, xa foi parte da directiva e cando lle sexa posible será o presidente da entidade, xa que na actualidade, por problemas persoais non é posible. Desta forma, a elixida como presidente temporal foi a socia

que ocupaba o cargo de vicepresidenta, Belén Fernández.

Esta é a segunda vez que toma o poder de maneira provisional xa que no ano 2010 tomou esta posición para evitar que desaparecera Meigas. A sarriá tamén está vinculada á entidade dende moi nova, segue activa no grupo como profesora de baile e é unha das persoas que escenifica a danza na Noite Meiga.

Na actualidade estase a formar a nova directiva que terá como obxectivo continuar coas actividades de baile e música tradicional.

Ademais, unha das citas máis importantes de Sarria está moi ligada a esta asociación, A Noite Meiga, que cumpría as súas vodas de ouro no 2020 sendo imposible a súa celebración neste ano e no seguinte, por iso, este 2022 será unha data especial.

ROSBER

Porcino - Avícola - Vacuno - Cunicula - Ovino - Mascotas
Gnética - Apicultura - Ferrería - Forestal
Tratamiento agua - Cercados - Material veterinario

MATERIAL PARA GANADERÍA, HUERTA Y JARDÍN

San Xulián da Veiga, s/n. 27614, Sarria (Lugo)
982 531 903 - rosber@rosber.es - www.rosber.es

Novo emprazamento para as festas patronais

Sarria xa está a preparar o San Xoán, unha das súas festas máis emblemáticas. Para esta nova edición, na que queren retomar a normalidade, estudaron un novo emprazamento, a Rúa Castelao onde xa se celebraba fai 20 anos.

Durante os últimos dous anos, a vila conservou esta celebración con eventos máis pequenos e repartidos pola vila, garantindo así a seguridade e a saúde dos veciños. A evolución pandémica está a deixar datos favorables que indican que se poden ir recuperando as grandes celebracións tomando medidas de prevención anticovid. Desta maneira, as festas patronais da vila volverán a ter cinco días de celebración dende o xoves 23 ata o luns 27 de xuño. Será o luns 27 o festivo local.

O novo emprazamento, a Rúa Castelao permitirá usar o campo de rugby que conta cunha maior capacidade, podendo albergar a máis xente nun espazo máis amplo. Esta nova localización da res-

posta as demandas de seguridade cidadá, xa que deste xeito, o acceso a centro de saúde permanecerá libre evitando os obstáculos aos vehículos de emerxencia. Ademais, esta nova localización permitirá concentrar todos os elementos da festa nun mesmo lugar, as barracas, as orquestras e os postos ambulantes.

O cartel das festas aínda se está pechando pero adiantan que terá como protagonistas as grandes orquestras, un dos sectores máis afectados pola situación sanitaria. Esta nova localización non altera os outros eventos que teñen lugar nestas datas como o pregón que seguirá sendo dende o balcón da Casa Consistorial ou a noite do lume o 23 de xuño que será no campo da feira.

Ademais, a concelleira Geni Valcárcel asegura que non se están a esquecer dos grupos locais xa que estes, tamén terán o seu espazo ao igual que os eventos e actuacións para os máis pequenos.

A CHMS saca a licitación as obras de saneamento da EDAR

As obras de mellora do saneamento e a estación depuradora de augas residuais a EDAR de Sarria están máis cerca de comezar ao sacar a Confederación Hidrográfica do Miño Sil a súa licitación por 2,4 millóns de euros.

O prazo de execución dos traballos será de 12 meses e porán fin aos problemas e deficiencias existentes na rede e a Edar. O proxecto inclúe a substitución do colector da marxe esquerda do río Sarria desde a Rúa Calvo Sotelo ata a Rúa Greco e un tramo do colector xeral desde esta última ata o novo dispositivo de retención, que servirá para controlar o caudal de entrada á depuradora, executando así un total de 1.000 metros de colector. Na EDAR instalaranse novos equipos e actualizaranse os existentes para mellorar o seu funcionamento, tamén se prevé a construción dun pozo de grosos previo á estación de bombeo e a substitución da reixa automática por un tamiz



de finos. A CHMS tamén actuará no desarenados-desengrasador onde se renovarán os equipos e se instalará un novo cadro de subministración eléctrica e de automatización para estes equipos.

Debido ás alegacións realizadas polos veciños e o Concello durante a exposición pública do proxecto, modificouse e acordouse a construción dunha conducción de vertedura da

arqueta de alivio eliminándoa da súa localización actual.

Prevese que as obras comecen no actual ano e se estendan e rematen no 2023 empregando 1,4 millóns de euros durante este exercicio e reservando o outro millón para o seguinte.

O prazo de solicitude de ofertas por parte das empresas estará aberto ata o vindeiro 18 de abril.



O Concello quiere rehabilitar os pendellos do campo da feira

O Concello de Sarria pretende arranxar uns pendellos que forman parte do campo da feira. Para iso, solicitará á Xunta de Galicia a concesión dun novo obradoiro de emprego que se encargue da rehabilitación destes inmobles, que son propiedade municipal trala permuta de terreos.

Esta decisión foi aprobada durante a última sesión plenaria.

Estes pendellos soen acoller os postos de polbo os días de feira que coinciden cada 6, 20 e 27 de cada mes.

O acondicionamento destas infraestruturas comezaron xa fai 6 anos coa rehabilitación de dúas construcións do estilo. Deste

modo, dez alumnos do módulo de albanería encargáronse de reconstruír os muros de pedra, rehabilitaron a cuberta e arranxaron o pavimento.

Dende ese momento, o Concello foi adquirindo novas edificacións para ofrecer mellores infraestruturas aos feirantes e aos veciños que disfrutaban dos días de feira. O obxectivo actual do goberno local é a súa restauración mantendo as características tradicionais das mesmas.

Tras isto, entre as miras do Concello está a realización dunha ordeanza municipal que se encargue de regular e normalizar o uso destes pendellos do campo da feira.

Asociacións de impulso do Camiño de Santiago reuníronse en Sarria

As asociacións que promoven o Camiño de Santiago en Sarria e arredores seguen a traballar para potenciar este sector turístico. Para iso, os presidentes das asociacións de amigos do Camiño de Santiago da Comarca de Sarria, o presidente da asociación de amigos do Camiño de Santiago polo Norte de España e a Asociación dos Camiños de Santiago e Santo Toribio de Liébana por Camargo, a asociación de amigos dos Camiños de Santiago a Caballo Equum Peregrinans mantiveron un encontro.

Nel, Jorge López, Valeriano Teja, Iván Erik e Jacobo Pérez estiveron a organizar e poñer en común diversas iniciativas que axuden a potenciar e mellorar a experiencia no camiño dos peregrinos.

A última actuación posta en marcha por algunhas destas asociacións foi a credencial para équidos, que está a ter unha gran acollida xa que a pasada semana entregaron as primeiras a tres cabalos que chegaron a Sarria.

DOAZÓN. Por outra banda, a Asociación de amigos do Camiño na comarca de Sarria fixo unha doazón de libros a Asociación Iacobus Tui. Nestes escritos publicáronse os relatos gañadores do Concurso Internacional *100 Caminos 100 Relatos: historias breves a Santiago*, no que participaron peregrinos de todo o mundo.

No ano 2020 xusto antes de co-



mezar a pandemia ambas asociacións irmandáronse e crearon así un vínculo cun obxectivo común, promover e fomentar o Camiño de Santiago, co confinamento, para seguir mantendo vivo o espírito do Camiño sacaron adiante un concurso no que os peregrinos tiñan que realizar un relato breve sobre o camiño, este non debería ter máis de 100 palabras.

Na primeira convocatoria recibiron 738 traballos de 40 países diferentes, dada a alta participación, no ano 2021, repetiuse o concurso obtendo 576 relatos de 33 países.

Para coñecer os gañadores, fíxose unha selección cega dos mellores relatos, finalmente estes foron avaliados por un tribunal internacional que lle deu o galardón a Claudio Pupi de Italia, Masachika Hirayama de Xapón, Idoia Planillo de España e Andrés Massott de Venezuela na primeira

convocatoria. E, a Virgilio Montero de Chile, José Francisco Castillo de México, Verónica Panait de Rumanía e Gayle Johnson de Nova Zelandia, na segunda convocatoria de 2021.

Cos 100 mellores relatos de cada concurso editáronse un total de 10.000 libros que se están a repartir de maneira gratuíta na sede da Asociación de Sarria e en Chile.

HORARIO. a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Comarca de Sarria decidiu ampliar o seu horario de atención ao peregrino na súa oficina que está localizada en Vigo de Sarria. Isto dará resposta ao incremento da demanda de información que sufriu nos últimos días.

O horario, de mañá que está a manexar na actualidade é de 11.30 a 14.30 e de 16.30 a 18.30 horas de luns a sábados. E os domingos tan só prestará servizo en horario de mañá.

“Estamos enfocándonos en componer que é o diferenciador entre as bandas”

Nerea Iglesias Maside é a voz da banda de música sarriá Sound Sisters

Sound Sisters é unha banda formada en plena pandemia por cinco sarriaos. O grupo toca cancións de estilo rock. Na súa curta traxectoria xa tocaron en grandes escenarios como o do Festival Noroeste ou o do San Froilán en Lugo.

Como naceu o grupo Sound Sisters?

Nacemos en xuño de 2020 en plena pandemia. Xa nos coñecíamos todos, éramos compañeiros e xurdíu a oportunidade de xuntarnos cando Tomi e Morris se achegaron a Olalla (teclista) máis a min (Nerea, voz) no San Xoán para propoñernos crear un grupo. En principio a idea era ser un grupo máis relaxado, non tiñamos as aspiracións de facer o que fixemos ata o de agora, queríamos tocar e pasalo ben, finalmente a cousa foi evolucionando ata o que somos a día de hoxe.

Cal foi a motivación para crear o grupo cando as actividades culturais estaban paralizadas?

Creemos que influíu moito a pandemia, estando nuns tempos tan escuros para a música a nós o que nos apetecía era quedar e tocar, xa non só o feito de desfrutar da música senón tamén desfrutar de nós. Por iso comezamos a quedar e ensaiar. Ao principio non tiñamos unha visión de futuro entón era unha maneira de pasalo ben e esquecernos da situación que estábamos a vivir.

Isto dificultou o proceso?

Loxicamente si. Hai que ter en conta que a meirande parte dos concertos que fixemos foron co público sentado e para o tipo de música que facemos que pide saltar e bailar isto era un pouco de baixón. Afectou máis seriamente nos períodos de confinamento, os paróns nos ensaios atrasounos na preparación de repertorio.

De que estilo son as cancións?

Os temas que tocamos en termos xerais son rock. Primeiro comezamos preparando covers dos clásicos do rock Jimmy Hendrix, Eric Clapton, Janis Joplin, Pink Floyd etc. Desde fai uns meses estamos centrados en sacar temas propios. Contamos con sete temas propios e o noso obxectivo é centramos na composición. Creemos que iso é o diferenciador dun grupo á hora de tocar en festivais onde prima a orixinalidade dos temas. Tamén queremos manter versións que mantemos polo recibimento do público. Cry baby de Janis Joplin é un éxito asegurado

que conmove de maneira especial ao público. Tamén temos un tema de festa da que fixemos unha versión que supón un gran triunfo entre o público xa que a desfrutamos moito.

A que se debe a gran afluencia de músicos en Sarriá?

Para ser unha vila de interior ten unha cantidade moi alta de músicos. Á xente de fóra tamén lle chama moito a atención. Eu creo que indubidablemente a presenza da Rúa da Música, a asociación que este ano celebra o seu décimo aniversario, é fundamental para a

tunidades que se poden presentar, xa sexan concursos, lugares onde tocar, etc. Nós, ao levar pouco tempo cremos que somos un grupo que está aínda en crecemento, por iso non temos esa experiencia para poder falar de industria o que podemos asegurar é que por parte de Sarriá e da contorna, como Lugo, estamos tendo moito apoio e bo recibimento. Tamén creo que hai que poñer en valor a presenza das músicas no rock and roll.

Pódese vivir da música?

Aínda que nos gustaría creemos que é moi difícil vivir da música.



proliferación de músicos e apaixonados da música. En Sarriá tamén temos a banda de música e o conservatorio pero a Asociación facilita un lugar onde poder ensaiar. Isto supón unha vantaxe coa que non contan grandes cidades como pode ser Lugo onde xa é máis complicado atopar sitios onde ensaiar por un custe tan pequeno. A asociación tamén facilita e da máis oportunidades xa que conta co equipamento e todo o necesario para poder chegar á música as persoas con menos recursos.

Como trata a industria aos músicos emerxentes?

É un campo duro, non pola competencia pero a día de hoxe hai que estar moi pendente de ser visible, sobre todo en redes sociais. Hai que crear contido continuamente e hai que estar pendente das oportu-

Cada un de nós ten o seu traballo, non nos dedicamos enteiraamente a isto. O esforzo que xa se fai é bastante grande pero depéndese de moitos factores externos para poder vivir disto. Tampouco aspiramos a iso, simplemente poder seguir desfrutando, crecendo e componendo pero sendo realistas.

Cal foi o momento máis especial do grupo?

O momento máis especial sen dúbida foi o Noroeste, eu de feito cando vin o cartel publicado púxenme a chorar, ver o nome do teu grupo compartindo escenario con estrelas tan grandes foi un soño cumprido. Levábase un ano de vida e é difícil para os grupos lucenses chegar ou ter as conexións para acadar grandes proxectos. Os grupos de Santiago de Compostela, Coruña ou Vigo teñen máis facilidades ao



A banda está formada por Nerea á voz, Olalla no teclado e voz, Morris no baixo, Chema na batería e Tomi na guitarra

ter máis opcións de onde tocar. Os grupos de aquí precisan facer un dobre esforzo.

Cal é a vosa canción favorita e por que?

En canto as cancións favoritas non podemos escoller unha. Eu poñería tres, a primeira Born sister que foi o primeiro tema que compuxemos, normalmente tocámola de último nas nosas actuacións e témoslle un cariño especial porque representa o paso á composición. O momento de componer foi un proceso ao que eu persoalmente tiña bastante medo, eu son a letrista e pensaba que non sería capaz, unha vez escribí a primeira funlle collendo o gusto e agora encántame. Tamén nos gusta moito Wild Life pola acollida do público, a raíz de levar preto de dous anos facendo música, sabemos que hai xente que polo menos o retroso xa lle soa e o canta con nós. Isto é moi bonito. Por último No more que é a canción do vídeo que sacamos no mes de febreiro, é o primeiro tema do que temos un vídeo, a nivel son ou estilo é a canción con máis garra do noso repertorio de temas propios.

Quenes son os vosos referentes?

Referentes temos moitos, cada persoa do grupo ten os seus propios. Por exemplo Tomi, é un apaixonado de Jimmy Hendrix e de grupos de rock nacional como Heroes del Silencio, eu admiro a Beyonce e grupos como Aurora & The Betrayers, a Olalla gústalle moito Pink Floyd, Parcels e músicas latinoamericanas, Morris é máis de punk mentres que o noso novo batería, Chema, é de heavy metal pero sempre chegamos a un punto común.

Fai pouco lanzástedes o primeiro videoclip, como foi a acollida que tivo?

Houbo interese, as críticas foron moi boas e tamén se fixeron eco os medios de comunicación. Esperamos que siga medrando.

Como é o proceso de creación dunha das cancións?

Depende da canción pero, normalmente, empezamos cun rif de guitarra ou piano de Olalla e a partir de aí construímos. Creemos que como mellor funcionamos é estan-

do todos xuntos.

As cancións teñen a letra en inglés. Isto é por algún motivo en especial?

Eu son a letrista e fixen filoloxía inglesa entón sempre me sentín moi cómoda nese idioma. De toda a vida escoitei moita música en inglés, aínda que son pandeireira. Escribindo en inglés sintome máis segura. Agora ben, escribir en galego ou castelán non é unha idea que estea desbotada pero de momento non está dentro dos plans a curto prazo. Se facemos algún tema de denuncia social podería quedar ben facelo en galego.

Cal foi a maior dificultade á que vos tivestedes que enfrentar?

Foron dúas, a primeira a pandemia e o feito de ter sido un grupo nacido en pandemia, sobre todo nos paróns longos de ensaios que atraban todo o proceso. O tema do batería tamén foi unha gran dificultade. O noso antigo batería Brandon, o que empezou con nós, é artista de circo, é clown e tivo que deixar o grupo porque lle resultaba incompatible ao cambiar de localidade cada pouco tempo co circo. O momento de estar sen membro do grupo, buscar outro, paralizar os ensaios, tamén foi agonizante. Agora estamos con Chema que é o novo batería e o que temos que facer é ensaiar e prepararnos para o verán.

Que novos proxectos tedes entre mans?

Agora mesmo a parte de ver si sae algún festival onde tocar, temos a rodaxe dun videoclip que faremos en marzo do tema Wild Life. Ademais, presentámonos ao concurso Rock in Río Tea tendo a primeira fase o vindeiro 9 de abril.

Que é o que máis desfrutades da música? A creación, os ensaios, os concertos...?

O directo, os concertos. Os ensaios e a preparación son necesarios para desfrutar dos concertos e que a xente desfrute contigo. Iso é incalculable. O sitio ou a afluencia de público danos igual, o aplauso que se recibe emociona.

Pódese ler a entrevista completa na web sarrixa.com.

COMARCA

Comeza a renovación da estrada que une Sarria co Páramo



A Deputación de Lugo comezou esta semana as obras de renovación do firme da estrada LU-P-5705, que conecta os municipios de Sarria e O Páramo. Uns traballos aos que a institución provincial destina 75.700 euros.

As traballos consisten na limpeza de cunetas, pavimentación e sinalización vertical e desenvólvense nun treito de preto de 5 quilómetros, dende o punto quilométrico 7,7 e o 12,6. O prazo de execución é de 9 meses, pero estímase que se as condicións meteorolóxicas son favorables as obras poderán estar rematadas con anterioridade.

de. Esta vía une Mazadoiro e San Martiño da Torre por Escarlán, entre Sarria e O Páramo. Conecta uns 15 núcleos da comarca de Sarria nos que viven uns 300 veciños e veciñas, dando acceso directo a diferentes explotacións agrícolas e gandeiras, polo que as obras supoñerán un beneficio importante para a veciñanza e para os negocios da zona.

O Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, salienta a importancia destes traballos e recalca que “a mellora das comunicacións é unha prioridade para o Goberno”.

O Goberno anuncia rebaixas no combustible e outras medidas

O presidente do Goberno, Pedro Sánchez, presentou o Plan de Resposta ao impacto da guerra en Ucraína e que inclúe o veto aos despedimentos e a bonificación cun mínimo de 20 céntimos o litro de combustible a todos os cidadáns, non só a transportistas. Este plan está valorado en 16.000 millóns de euros.

Estas medidas foron publicadas tras dúas semanas de folga nos transportes con importantes repercusións en todos os sectores, en especial na provincia de Lugo, onde a plataforma convocante ten moito peso social e que participou activamente nas protestas a través de manifestacións, cortes de tráfico, etc...

Este plan conta con cinco eixos que abarcan axudas a familias, traballadores, desprazados e ao tecido empresarial, así como medidas en materia de transportes, ciberseguridade e enerxía.

Entre as medidas para axudar ás familias, traballadores e persoas desprazadas destaca a bonificación cun mínimo de 20 céntimos o litro de combustible a todos os cidadáns, non só aos transportistas.

O Goberno aplicará unha rebaixa de 15 céntimos e as petroleiras un mínimo de 5 céntimos, aínda que



Os transportistas cortaron a A-6 á altura de Guitiriz

algunhas compañías xa anunciaron rebaixas superiores.

Este eixo dirixido a cidadáns tamén incorporará a limitación das revisións das subidas dos prezos dos contratos de alugueiro de vivenda ao 2% no próximos tres meses, así como o aumento do 15% na contía do Ingreso Mínimo Vital (IMV) para chegar a máis familias vulnerables. Ademais, estenderase a 600.000 familias máis o bono social eléctrico, ata chegar aos 1,9 millóns de fogares, se prórroga ata o 30 de xuño a rebaixa impositiva na luz e permitírase que as empresas acudan a medidas de flexibilidade, como os ERTE, á vez que se prohiben os despedimentos, como xa sucedeu durante a pandemia.

No que respecta á parte enerxé-

tica, Sánchez anunciou que presentará a Bruxelas unha medida “excepcional e temporal” para fixar un prezo de referencia do gas; ademais actualizará o réxime retributivo específico da produción de enerxía eléctrica a partir das fontes de enerxías renovables, coxeración e residuos, o que supoñerá unha rebaixa dos cargos do sistema eléctrico ata o 55% en 2022.

En canto ás medidas para apoiar ao tecido económico e empresarial, o presidente anunciou unha nova liña de avais de créditos ICO por 10.000 millóns de euros para cubrir necesidades de liquidez provocadas polo aumento temporal do custo da enerxía e os combustibles. Tamén haberá axudas directas ás empresas de transporte.

Aprazan o restablecemento do servizo de tren entre Monforte e Lugo

A falta de materiais de construción, principalmente formigóns e aceiro; o encarecemento de materiais; a paralización das cadeas de produción de elementos prefabricados e os paros no sector do transporte por estrada desde o 14 de marzo afectaron ao ritmo de execución das obras de infraestrutura ferroviaria que Adif está a executar entre Monforte de Lemos e Lugo. Estas razóns -alleas á compañía- comprometeron a planificación inicial e determinaron que o restablecemento do tráfico ferroviario, previsto para o 10 de maio, trasládese á segunda quincena do mes de xuño. Ata entón, Renfe seguirá mantendo plans alternativos de transporte por estrada para os viaxeiros dos servizos afectados.

Adif realiza investimentos de 330 millóns de euros neste tramo de 75 km,

que inclúen adecuacións en pontes, túneles e explanacións, sinalización e comunicacións e a ampliación de gálibos ou cerramentos en zonas urbanas, así como a execución da electrificación (incluíndo telemando de enerxía e execución da nova subestación eléctrica), renovación da vía, a construción do novo túnel de Oural e o tratamento de plataformas e cruces entre plataformas.

Na actualidade, Adif acomete actuacións en infraestrutura (obras de drenaxe, pasos superiores, noiros de trincheiras e túneles) e en vía para permitir a electrificación do tramo entre Monforte de Lemos e Lugo Mercadorías. En fase de proxecto, trabállase ademais noutras actuacións, como a supresión de trinta pasos a nivel no tramo e a ampliación da variante de Pobo de San Julián.

Formoso presenta medidas para actuar ante a guerra de Ucraína

O secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, presentou o Plan urxente de medidas económicas e sociais de Galicia. Trátase dun decálogo de medidas co obxectivo de facer fronte a situación de emerxencia derivada da guerra de Ucraína e axudar a superar a situación ás persoas e sectores máis afectados. Consciente de que “a situación é moi crítica, con sectores estratéxicos moi afectados”, Formoso indicou que con estas 10 medidas “os e as socialistas póñense ao servizo da sociedade galega”. En paralelo, tamén lle reclaman á Xunta “que nos chame e que se sente con nós para poder definir as prioridades e os mecanismos axeitados para que a vida dos galegos e galegas, así como a economía e o emprego, se recuperen na medida do posible”. Tras incidir en que que a Xunta “está

ausente no peor momento do país dos últimos anos”, o líder socialista lembrou que hai xa 48 horas que se solicitou unha reunión urxente “cun Feijoo máis preocupado por amar Madrid que por amar Galicia”. “Decidiu que a súa prioridade non era este país, e faino no peor momento para adoptar esa decisión”.

Ante esa falta de resposta, Formoso subliñou que “o PSdeG é un partido de goberno e que entende que ten a obriga moral de aportar a esta situación na que o conxunto da sociedade está pasando carestías”. Enmarcou neste contexto a presentación destas dez medidas no eido social e económico. Entre outras cuestións contemplan rebaixas da fiscalidade e incentivos tanto para aos sectores máis afectados como para as familias que o están a pasar peor ou propostas como que se

triplique o orzamento destinado ao bono social eléctrico, co obxectivo de chegar a 15.000 beneficiarios.

Ademais, para a consecución deste obxectivo, Formoso reivindicou a necesaria coordinación co goberno do Estado, “que loxicamente tamén ten que adoptar medidas de moitísimo calado”. Nesta liña, Formoso sinalou que “a mesma esixencia de celeridade que teño coa Xunta tamén a teño co goberno de España”. Finalmente, lembrou que algúns dos sectores afectados, como o dos transportes, “son os mesmos aos que aplaudimos e admirabamos cando poñían en risco a súa vida para que tivéssemos respiradores nos hospitais ou mascarillas nas nosas casas”.

Consulta o decálogo en www.sarriaxa.com

A Mancomunidade do Camiño francés solicitará un Plan Turístico

A Mancomunidade de Municipios de Galicia do Camiño francés, da que Sarria ostenta actualmente a presidencia, ten previsto solicitar un Plan Turístico cuxo fin principal sexa o apoio ao sector hostaleiro, comercial e primarios.

A tal fin o Concello de Sarria convoca a tódolos titulares e traballadores destes sectores a unha reunión que terá lugar na casa da cultura o vindeiro luns 28 de marzo ás 17.00 horas. Dende a entidade chaman á asistencia dos interesados debido á importancia dos temas que se tratarán no encontro.

A Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés está formada por once concellos: Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradelas, Pedrafita do Cebreiro,



ro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela.

Abarca territorios de dúas das catro provincias de Galicia, Lugo e A Coruña, e de seis comarcas: Os Ancares (Pedrafita), Sarria (Paradela, Triacastela, Samos e Sarria),

Lugo (Portomarín), A Ulloa (Monterroso e Palas de Rei), Melide (Melide) e Arzúa (O Pino e Arzúa). Este territorio marcado por unha ruta de historias, un territorio de camiños milenarios polos que percorrer o corazón de Galicia.

A Deputación convoca os terceiros premios de turismo

A Deputación de Lugo abriu o prazo de presentación de candidaturas para a terceira edición dos premios provinciais á hostalería e ao turismo. O Boletín Oficial da Provincia (BOP) recolleu o xoves 31 de marzo as bases da convocatoria destes galardóns da Deputación, que poñen en valor e dan visibilidade ao traballo e á calidade do sector turístico e gastronómico da provincia. As candidaturas poden presentarse ata o 14 de xuño. Ademais dos premios Lugo Cambia ao turismo lucense e...E para comer, Lugo á gastronomía lucense, esta edición incorpora como novidade unha categoría enfocada ao Turismo Sostible, aprobada polo Consello Provincial de Turismo, que se enmarca nas accións que a institución provincial levará a cabo como antecede do evento Copa España Creativa – Fórum Lugo 2022, do que será anfitrión despois de gañar este certame o pasado ano por un proxecto de recuperación e posta en valor de soutos na Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

Poden presentarse persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional que destaquen nalguna das tres modalidades e que teñan repercusión positiva no turismo ou na gastronomía a nivel provincial ou nunha zona específica. As candidaturas poderán ser presentadas a título individual ou por unha terceira persoa.

Representantes dos concellos de Samos, Triacastela e Cebreiro reuníronse en Fonte do Lunar



Reunión dos representantes da comarca

Representantes do sector turístico, hostaleiro, comercial e primario dos Concellos de Triacastela, Samos e Pedrafita do Cebreiro participaron na Fonte do Lunar nunha reunión informativa sobre o Plan Turístico que vai deseñar a Mancomunidade de Municipios de Galicia do Camiño Francés.

A Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés está a preparar un plan de sostibilidade turística para fomentar o desestacionamento da ruta, favorecendo outros recursos dos once concellos que forman a entidade.

O proxecto inclúe a creación de produtos de realidade virtual, unha guía dixital, así como iniciativas de apoio para concellos que leven a cabo campañas de proxección do camiño de Santiago, produtos locais, etc. Aproveitando a proxección que ten o

Camiño de Santiago para sacar proveito dos outros recursos que poden ofrecer os concellos a través do seu patrimonio, gastronomía e natureza. A Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés está formada por once concellos: Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradelas, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela.

Abarca territorios de dúas das catro provincias de Galicia, Lugo e A Coruña, e de seis comarcas: Os Ancares (Pedrafita), Sarria (Paradela, Triacastela, Samos e Sarria), Lugo (Portomarín), A Ulloa (Monterroso e Palas de Rei), Melide (Melide) e Arzúa (O Pino e Arzúa).

Este territorio marcado por unha ruta de historias, un territorio de camiños milenarios polos que percorrer o corazón de Galicia.

Realizan labores de prevención nos montes de Lán cara e O Páramo



O Plan de prevención de incendios forestais da Consellería do Medio Rural continúa acondicionando os montes provinciais. Neste caso, a Xunta investiu preto de 100.000 euros en traballos preventivos nos montes de Lugo, Lán cara e O Páramo, pertencentes ao distrito forestal IX Lugo-Sarria.

Os traballos que se están realizando nos montes de Lugo consisten na roza de faixas auxiliares de pista, para facilitar a circulación dos medios do Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais e diminuír o risco de incendios forestais na zona. Así, estase a actuar en montes das parroquias de Pedreda, Vilachá de Mera, Santa María Alta, Outeiro, Camoira, Veral, Labio, Bóveda e San Xoán Alto. Nos montes do concello de Lán cara ademais de realizar traballos preventivos de mellora de pistas e roza de faixas auxiliares, tamén se está actuando no acondicionamento de cortalumes, que buscan interromper a continuidade da vexetación naqueles lugares especialmente axeitados de cara a

deter un posible incendio forestal. Neste caso, estase traballando en montes das parroquias de Armeá, Touville, Lama, Souto e Monseiro. Por último, no caso do concello do Páramo, estanse realizando obras preventivas en montes das parroquias de Moscán, Vilafiz e Sa. Neste caso, estanse levando a cabo melloras de infraestruturas e desbroces de faixas auxiliares de pista e de pistas forestais. Estas accións inclúen tamén a colocación de pasos de auga naqueles lugares onde son necesarios e o acondicionamento dos accesos aos montes. Todas estas obras enmárcanse no Plan de prevención de incendios forestais da Consellería do Medio Rural, que no ano 2021 contou cun orzamento de case 30 millóns de euros para actuar en máis de 58.000 hectáreas de territorio e nuns 5.000 quilómetros de pistas e vías de comunicación. O obxectivo final destas accións preventivas é evitar que o lume se produza, e en caso de producirse, limitar ao máximo a súa propagación e minimizar os danos causados.

A Fundación Caixa Rural Galega convoca as primeiras bolsas

A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas, formada en outubro de 2021, fixo pública a primeira convocatoria de dúas bolsas para estudos de posgrao que poderán ser cursados entre 2022 e 2023 en territorio nacional ou no estranxeiro, en escolas de recoñecido prestixio e no ámbito agroalimentario ou forestal. Cada bolsa terá unha dotación máxima de 40.000 euros que poderán destinarse a matrícula e estancia e cuxo importe definitivo dependerá do lugar e centro no que se realicen os estudos. Para poder optar a algunha das bolsas, os solicitantes deberán ter

un título universitario, ter vinculación con Galicia e poderán ser estudantes recentemente licenciados ou profesionais que xa estean a traballar na actualidade. A selección dos bolseiros basearase en criterios como a formación académica previa do solicitante, a traxectoria profesional, no caso de que exista e o proxecto de estudos a realizar, así como a súa aplicación posterior. As bases e o formulario de solicitude están dispoñibles na páxina web de Caixa Rural Galega e o prazo de presentación de solicitudes xa está aberto e finalizará o 6 de maio.

A residencia de maiores ten o cupo cuberto e conta con lista de espera

Na Residencia de Maiores de Paradela teñen na actualidade 24 usuarios. Isto supón que tódalas prazas están cubertas. Para optar a unha praza é necesario apuntarse na lista de espera, tendo preferencia as persoas que sexan do Concello de Paradela.

Os 24 usuarios desta residencia participan nos programas de intervención que levan a cabo no centro ao longo do ano. As actividades están orientadas a un envelhecimento activo. Ademais, procuran que ditas actividades se desenvolvan no exterior do centro para que poidan relacionarse coa contorna e participar activamente na sociedade. Debido á situación sanitaria, as actividades víronse moi minguadas. O programa de acollida da persoa no momento do ingreso e seguimento realizan coa finalidade de que a persoa sinta acollida no seu novo fogar, cada vez que unha persoa chega á residencia por primeira vez fáiselle unha acollida que consiste en recibir todos os documentos, valorar relacións sociais e familiares. Infórmaselles de todos os servizos dos que vai dispoñer e

se ten algunha dúbida para resolver. Tamén se realiza un estudo da situación social e as súas necesidades, foméntase a personalización e a intimidade dos residentes no centro.

Conta cun programa de estimulación cognitiva que se encarga de traballar a orientación á realidade, reminiscencias, atención e praxias, linguaxe/ lectoescritura, memoria, cálculo e funcións executivas, co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida, potenciar autonomía, manter as capacidades mentais o máximo tempo posible, evitar reaccións psicolóxicas anómalas, diminuír an-

siedade e confución, evitar que desconecte do mundo, estimular identidade propia e capacidades mentais superiores.

O programa de psicomotricidade, gerontogimnasia e exercicio físico é onde os usuarios traballan as diferentes partes do corpo e da mente. Axuda a tomar conciencia dos movementos que é capaz de realizar con cada segmento corporal achegándose a seguridade en si mesma e aumentando a súa autoestima. Ademais, tamén realizan paseos dentro e fóra do centro, talleres de relaxación que axudan a mellorar o seu estado anímico,



Diferentes imaxes tomadas na residencia de maiores de Paradela

programas de lecer que inclúen diferentes xogos, manualidades, obradoiros de cociña e talleres de AVDs que se encargan de manter as capacidades o maior tempo posible, así como de adquirir novos coñecementos acerca das tarefas diarias.

Nas diferentes festividades, os

usuarios realizan actividades relacionadas coas mesmas. Por iso, no entroido escoitan música e preparan comida tradicional da época, no San Xoán celebran un baile e merenda no xardín, no magosto preparan as castañas e no Nadal decoran o centro e celebran eses días especiais.



O BNG demanda ao Concello un centro social para maiores

O BNG instou ao goberno local a crear un centro social para as persoas maiores do Concello que debido á situación sanitaria vivida durante os dous últimos anos caeron no illamento e falta de relacións sociais. Esta proposta levouse ao pleno ordinario en forma de moción. A portavoz do partido María Jesús López mantivo que este era un servizo necesario nun municipio no que a maior parte dos veciños son de elevada idade e sufriron de primeira man os efectos da covid.

Ademais, o BNG aproveitou para presentar unha segunda moción que tiña como eixo central unha serie de medidas para paliar na sociedade os efectos da inflación.

Outro tema foi o acondicionamento das zonas verdes, xa que aportan unha imaxe descoidada do municipio sumada á falta de limpeza nas beirarrúas. A última petición foi á Deputación, o arranxo da estrada de Paredes a Vilela, a LU-P-5603.

Luís Celeiro Álvarez será nomeado Valedor do Camiño

O próximo 23 de abril a Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos fará entrega ao xornalista, escritor e profesor samonense Luís Celeiro Álvarez o recoñecemento como Valedor do Camiño.

Esta celebración estará apoiada por 18 colectivos máis que queren poñer en valor o traballo e o mérito que ten o samonense tras o seu esforzo por promover, estudar e divulgar o Camiño de Santiago.

O acto dará comezo ás 12.45 horas no monasterio de Samos. No seu remate, ás 14.30 terá lugar unha comida nun restaurante da localidade.

Aquelas persoas que queiran participar no acto deberán reservar de maneira previa no restaurante.

Este nomeamento estaba pre-



visto que se celebrara no mes de decembro de 2020, pero a situación sanitaria impediuno e fixo que se adiara ata este mes de abril.

LUÍS CELEIRO. Luís Celeiro está licenciado en Ciencias da Información (rama de Xornalismo) pola Universidade Complutense de Madrid, é doutor en Socioloxía e Ciencia Política, pola Universidade de Santiago de Compostela.

Desenvolveu a súa actividade como xornalista en A Nosa Terra, o semanario Tempo Galego, correspondente de Diario 16 en Galicia, colaborador de La Voz de Galicia, El Progreso, El Correo Gallego e O Correo Galego, xunto con outra serie de publicacións diarias e semanais. Tamén foi o impulsor do Gabinete de prensa da Universidade de Santiago.

Ademais, tamén ten distintas obras publicadas que teñen como eixo central o Camiño de Santiago.

samos

Paradela aprobou un plan de medidas antifraude

O pleno extraordinario de Paradela tivo como resultado a aprobación por unanimidade dun plan de medidas antifraude, que se aplicará a proxectos financiados con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O documento elaborado ten como obxectivo garantir que os fondos son empregados segundo as normas de prevención, detección e corrección do fraude, corrupción e conflitos de intereses. Desta forma, o Concello deberá formar unha comisión antifraude, de composición técnica que se reunirá unha vez cada seis meses como mínimo.

Este plan é un dos requisitos que ten que cumprir o Concello tras ser seleccionado polo Goberno central para elaborar o plan piloto de Axenda urbana.

Esta achega do Goberno Central servirá para humanizar a rúa principal da vila, recuperar o núcleo de Pacios, restaurar camiños e peches tradicionais en Aldosende e eliminar o formigón do campo da feira.

Aproban a ratificación da adhesión ao servizo de atención temperá

O pleno do Incio celebrado a finais de marzo e que tivo como tema principal a cesión dun novo local da Garda Civil, tamén aprobou por unanimidade a ratificación da adhesión ao novo convenio do servizo de atención temperá.

A agrupación dos Concellos de Sarria, Lánca, Triacastela, O Páramo, Paradela, Samos e O Incio contan cun Servizo gratuito de Atención Temperá conxunto dende o ano 2021. Este está destinado a aqueles nenos e nenas con idades comprendidas entre os 0 e os 6 anos, nos que exista unha sospeita dalgún trastorno do desenvolvemento, ou risco de padecelo e, tamén as súas familias.

Desta maneira, é preciso que cando existan indicios de dificultades no desenvolvemento, vulnerabilidade ou outra circunstancia que afecte de maneira negativa ao desenvolvemento do neno ou nena, se trasladen as preocupacións ao servizo de pediatría para iniciar os trámites necesarios.

O equipo do Servizo de Atención Temperá está formado por un mestre psicomotricista, unha psicóloga, unha logopeda e unha pedagoga, especializados neste tipo de



cuestións.

Este servizo atópase en Sarria, nas dependencias do colexio Nuestra Señora de la Asunción e, para contactar pódese facer a través do número de teléfono 648 174 682, no enderezo electrónico sat.gruposarria@coescoformacion.com ou indo á localización en horario de luns, martes e mércores de 10.30 a 12.30 ou de 15.30 a 18.30 e xoves e venres de 8.30 a 12.30 horas.

GARDA CIVIL. O pleno tivo como resultado a aprobación por unanimidade a cesión dun novo local para a Garda Civil. Esta instalación atópase entre a Casa Consistorial e o anti-

go mercado gandeiro favorecendo unha mellor localización e centralización do servizo.

A Garda Civil conta no Concello cun posto auxiliar que depende do cuartel de Sarria ao que acoden dúas veces por semana, aproximadamente. As instalacións actuais están nun inmovible propiedade do Concello na Rúa Rodeiro, ao que se poderá dar outro uso e sacar rendibilidade. Expondo como posibilidade a súa utilización como casa de refuxiados ou a súa venda.

Trala aprobación no pleno, o seguinte paso é a aprobación dende Madrid. Se se fai efectivo, o uso destas oficinas será de carácter indefinido despois dunha pequena remodelación que permitan adaptar as dependencias a súa nova utilidade.

O Concello ten baixo a súa propiedade seis vivendas na Rúa Rodeiro, unha delas inclúese nos orzamentos municipais xa que a previsión era a súa venda mediante poxa pública co fin de fixar poboación na vila e sumar entre 35.000 e 40.000 euros aos orzamentos municipais. Aínda que polo de agora este proxecto mantense paralizado por se fose necesario o seu uso na acollida de refuxiados ucráinos.

O Concello promove a acollida de persoas que foxen do conflito bélico en Ucraína

O Concello do Incio mostra a súa solidariedade trala previsión dun masivo éxodo migratorio causado polo conflito bélico en Ucraína, promóvese a intermediación na acollida de persoas que foxen da dramática situación.

Desta forma, fai un chamamento aos veciños e veciñas do Concello que estean interesados en participar na acollida de refuxiados nas súas vivendas, ou queiran poñer a disposición de refuxiados ucráinos algunha vivenda baleira en condicións habitables.

Os interesados deberán poñerse en contacto co Concello a través do teléfono 982 427 014 ou enviando un correo a administración@concelloincio.gal co fin de dispoñer dun rexistro de posibles vivendas e persoas interesadas na acollida. O Concello canalizará a axuda en materia de vivenda, acollida e axuda humanitaria.

Dende o Concello do Incio, condenan de maneira firme os actos bélicos que acontecen en Ucraína.

23 Voluntarios de Protección Civil realizan un curso de formación



Persoal de Protección Civil iniciou no Incio un curso de formación básica no que participan 23 voluntarios de novo ingreso procedentes deste municipio e de Chantada, O Saviñao, Sarria e Cervantes.

Este curso é o primeiro dos sete previstos este semestre na provincia, con 171 prazas para formar a membros das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil (AVPC). O curso do Incio impártese ata o 3 de abril no edificio multiusos e ten por obxecto ofrecer ao novo persoal

a formación básica necesaria para o exercicio das funcións propias destes equipos de emerxencias. Inclúe contidos relacionados cos riscos, os accidentes e a autoprotección; a loita contra os incendios; as comunicacións e as actuacións básicas ante emerxencias médicas, así como un módulo sobre igualdade de oportunidades.

A Academia Galega de Seguridade Pública oferta ademais catro cursos de Desfibrilación Semiautomática Externa (DESA), no Incio o vindeiro día 9 de abril.

Aberto o prazo de inscrición para a Casa Niño Bulebule

Xa está aberto o prazo de inscrición para a Casa Niño Bulebule do Incio. Este prazo de matrícula pechará o 21 de abril. Poden recoller o formulario de inscrición na rúa Rodeiro mediante cita previa chamando ao teléfono 697 306 423.

Este servizo público de atención á infancia busca permitir a conciliación da vida laboral e familiar.

Para obter máis información

pódese contactar a través de Instagram ou chamando ao 697 306 423. Este servizo de atención á infancia gratuito está impulsado pola Xunta de Galicia e financiado polo Fondo Feder.

Na Casa Niño Bulebule os nenos realizan actividades que fomentan a psicomotricidade fina, a creatividade e a autonomía. Manteñen contacto directo coa natureza e potenciase os valores de coidado.

Terra Brava XIX vende camisolas con premio

A organización do Festival Terra Brava que terá lugar no Incio o próximo 13 de agosto animan aos veciños a mercar a camisola do Terra Brava XIX.

Este ano ao mercar a camisola o cliente levará tamén unha rifa para o sorteo dun pandeiro e unha pandeireta do artesán Xosé Maceda Percusión e unha noite para dúas persoas na casa de turismo rural de Trascastro A Niñada.

O Incio recupera, tras dous anos de parón, o Festival Terra Brava. Esta cita será o vindeiro 13 de agosto no municipio. O evento de música tradicional e popular contou nas súas anteriores edicións con sesión vermú, almuerzo popular, actividades para nenos e, a noite, concertos de grupos tradicionais galegos.

Os organizadores xa están a confirmar os grupos que formarán o cartel entre os que se atopan Ruxe Ruxe, O Paco e Dios Ke te Crew.

Terra Brava é o festival de música



máis antigo da comarca de Sarria. A última das súas edicións cambiou a súa localización tendo lugar nunha carballeira na estrada do Incio a Óutara.

Esta celebración súmase ao ciclo de festivais que se están retomando despois da situación dos últimos anos. Outro festival que retoma a actividade é o Esmorga Fest que terá lugar o 1 e 2 de abril.

O Rally Terras do Incio volverá no mes de setembro

Tras uns meses de dedicación familiar e reflexión, os organizadores do Rally Terras do Incio están a preparar a súa décima edición. Será no mes de setembro aínda que a data está sen concretar.

Os preparativos inclúen unha mellora nos itinerarios e o descubrimento de sitios e localizacións sorprendentes agochados no municipio do Incio e o resto de Galicia.

Esta cita é un rally turístico de clásicos, que percorre zonas de gran beleza paisaxística por todo

o territorio español, sole dar comezo en Lugo e recorre diferentes Comunidades Autónomas.

O Rally Terras do Incio é unha concentración de 25-30 vehículos clásicos, algúns contan con máis de 50 anos de antigüidade procedentes de diferentes puntos de España. Estes recorrerán desde Astorga, parte do Camiño de Santiago e as provincias de Ourense e Lugo. Todo isto disfrutando da cultura, paisaxes e gastronomía local. Unha cita para os amantes do motor clásico e da natureza.

A Subdelegada felicita o labor da Aula Mentor



A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, animou aos veciños e veciñas de Láncara a aproveitar a oportunidade de mellorar a súa formación que lles brindan o Concello e Goberno co amplo programa de formación que ofrece a Aula Mentor. A subdelegada efectuou unha visita, acompañada polo alcalde, Darío Piñeiro, e polo concelleiro e deputado provincial Pablo Rivera, ás instalacións da nova Aula Mentor, a primeira que entra en servizo na comarca de Sarria.

Isabel Rodríguez felicitou ao alcalde de Láncara pola súa iniciativa que lle permite ao Concello de Láncara sumarse a un programa de formación online non regrada para persoas adultas do Ministerio de Educación e Formación Profesional. Destacou que Láncara é o primeiro concello de comarca que se adhira a este programa no que xa participan oito concellos da provincia de Lugo.

A subdelegada explicou que a Aula Mentor, que está situada na Biblioteca municipal de Láncara, é unha

iniciativa promovida polo Ministerio de Educación e Formación Profesional que ofrece formación online non regrada, flexible e con tutorización personalizada. Está destinado a maiores de 18 anos e conta con un catálogo de máis de 170 cursos clasificados por áreas formativas cos que ampliar as competencias persoais e profesionais.

O Ministerio de Educación convoca cada ano axudas a entidades locais destinadas ao mantemento das aulas. O Concello de Láncara obtivo unha axuda de 4.000 euros para a creación da súa Aula Mentor e a colaboración entre as dúas institucións quedou regulada nun convenio asinado o pasado verán. A través da Aula Mentor pódese obter formación en áreas como informática e internet, ofimática, deseño e autoedición, deseño web, medios audiovisuais, redes e equipos informáticos, instalación e control, programación, educación, emprendedores, saúde, entre outras.

O prazo de matrícula está aberto todo o ano, salvo o mes de agosto,

A glorieta da Pobra podería ser cofinanciada por Xunta e Concello

Darío Piñeiro, alcalde de Láncara, mantivo un encontro coa consellería de infraestruturas e mobilidade, este luns en Santiago de Compostela co fin de chegar a un acordo para a construción dunha glorieta na Pobra de San Xiao. Nesta reunión con Ethel Vázquez barallouse a posibilidade dunha cofinanciación entre as dúas administracións.

A rotonda está incluída no plan especial de infraestruturas e equipamentos ferroviarios para a integración destas e as súas conexións co tecido urbano da vila. A súa construción levaríase a cabo nos terreos da antiga vía do tren e conectaría a LU-546 coa rúa Benigno Quiroga.

O orzamento inicial para esta actuación é de 285.026 euros.

No proxecto presentado polo al-



calde á consellería expúxose que cada administración asumira a metade do custe en dúas anualidades, sendo o Concello o que se encargaría da licitación das obras e, en caso dunha baixada de prezo, afectaría a ambas administracións.

Despois do encontro, a consellería

estudará o proxecto e a actuación e, en 15 días dará unha resposta ao Concello.

Esta glorieta sería a primeira actuación do plan especial que hai programada para esta zona na que tamén se inclúe a rehabilitación dos inmobles, unha senda verde e un carril bici.

Aprobado o investimento de 284.000 euros para os accesos ao polígono

O Concello de Láncara aprobou na última sesión plenaria a inversión de 284.000 euros das arcas municipais de remanente da tesourería para financiar as obras de urbanización do acceso ao polígono e ao alumeadado de Toldaos, San Vicente e Souto da Lama. O partido popular aproveitou a reunión para solicitar a creación dun área de autocaravanas nos terreos que ocupou o tren, o goberno non descarta a creación da mesma pero noutra zona do Concello, xa

que as antigas vías do tren xa ten un proxecto e este tería que ser modificado se se quixera incluír a área de autocaravanas.

Ademais, tamén reclamaron a mellora dos camiños na zona de Galegos e preguntaron por uns pagos de 5.300 euros que se destinaron ao arranxo de desbrozadoras.

Pola súa parte, o BNG abíxose na votación da acta da anterior sesión plenaria e na súa quenda interesouse polas facturas de máis de 20.000

euros que están pendentes de abonanar a Bascuas. Os nacionalistas tamén preguntaron sobre a rectoral de Traslite obtendo como resposta que existe a intención de comprala para o uso dos veciños.

Esta sesión plenaria serviu tamén para darlle a benvinda ao novo concelleiro Diego Balboa Amado, veciño de Bande. A súa toma de posesión converteuno no concelleiro máis novo da corporación con tan só 25 anos.

O Memorial Benéfico Pedro Pedregal será o 30 de abril

O Memorial Benéfico 2022 Pedro Pedregal terá lugar na Pobra de San Xiao o vindeiro 30 de abril, no Polifuncional que está no campo da feira. A actividade dará comezo ás 18.00 horas.

Este campionato benéfico acollera o IV Campionato de Tute e o I Campionato de Parchís, dous xogos de mesa populares e tradicionais cos que se recadarán fondos para Obxectivo Diagnóstico unha asociación de persoas con enfermidades raras sen diagnóstico. O custe de inscrición é de 25 euros para os adultos e 5 euros para os nenos. Hai que xogar por parellas. O día da celebración haberá que levar o xustificante do ingreso á

conta bancaria. Os participantes terán un obsequio e poderán desfrutar dos pinchos ás 21.00 horas.

Obxectivo Diagnóstico é unha asociación que nace da necesidade de obter unha resposta, un diagnóstico. O obxectivo é saber a que se enfrenta cada persoa, como pode atacar a enfermidade, como afrontala... As enfermidades raras sen diagnóstico soen ser patoloxías, que de maneira individual, afectan a un número non moi elevado de persoas. Na actualidade, tárdase unha media de 5 anos en obter un diagnóstico, a veces isto non se consegue nunca. Neste camiño, o afectado non ten tratamento, terapias, etc.

Os subcampións de España de salmónidos de mosca son socios do Clube de Pesca Río Neira

Galicia queda subcampioa de España de salmonidos de mosca lago sendo todos os participantes do equipo socios do Clube de pesca Río Neira. Ademais, nesta competición tamén destacou a vitoria individual de David Arcay que tamén quedou subcampión.

O Campionato de España de seleccións Autonómicas Salmónidos Mosca Lago-Orilla foi convocado pola Federación Española de Pesca e Cásting e organizado pola Federación de Pesca de Castela e León baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

A competición tivo lugar no Lago Llanillo, en Llanillo de Valdelucio, Burgos, entre o 24 e 26 de marzo.



O equipo galego, acadou unha puntuación final de 328600 puntos. Estaba formado polos pescadores David Arcay Fernández, que tamén quedou subcampión na categoría individual, Javier López González que conseguiu o posto 39 na categoría

individual, Jesús Francisco Bolaño García, que acabou de 18 e Alejandro Pérez Trébole que quedou de 20. En total participaron 65 deportistas onde o primeiro e segundo ascenderon ao alto nivel Nacional de Salmónidos Mosca.

As antigas vías do tren seguen a acondicionarse para uso veciñal

As antigas vías do tren de Láncara están a ser acondicionadas para converterse nunha zona de paseo para os veciños. O Concello aprobou de maneira definitiva un plan especial que integre as infraestruturas ferroviarias na trama urbana da vila. Isto suporá un cambio no aspecto da localidade, porén, o desembolso para estas actuacións cífrase en 2 millóns de euros.

Entre os proxectos a desenvolver atópase a creación dun sendeiro peonil verde que inclúa carril bici ao longo dun quilómetro nos antigos terreos da vía. Polo de agora, esta actuación non se levará a cabo debido á falta de fondos, o que si están a facer é o acondicionamento da zona para que os veciños poidan usala e desfrutala. Os traballos de acondicionamento deron comezo en xaneiro con maquinaria da Deputación, na actualidade están a súa maquinaria propia do Concello e prevese estender unha capa de area sobre a que camiñar, co fin de facer o



fundamental para sacarlle o máximo partido posible aos terreos cos medios existentes.

Ademais, o Concello busca que os veciños coñezan todas as infraestruturas da vila, para iso, coa compra dos terreos inclúanse diferentes edificios que están a ser empregados en diferentes actos públicos para que formen parte da vida dos veciños. A antiga estación de tren acolleu aos Reis Magos no Nadal e a cabalgata no Entroido.

Entre as previsións do goberno municipal está a solicitude de Fondos europeos para rehabilitar o edificio, nun primeiro momento co fin de trasladar ata alí as oficinas municipais e actualmente, querendo trasladar tan só algúns dos departamentos..

O Concello tamén solicitou unha subvención á Xunta co fin de rehabilitar o antigo cargadeiro que está protexido por Patrimonio, ao igual que o depósito de auga e unha construción anexa a este.

A vila retoma a Festa do Mexillón o 15 de abril



A localidade de Láncara volve á normalidade cunha nova edición da Festa do Mexillón. Esta celebración é a primeira que conmemora este produto en Galicia, naceu no ano 2015 e terá lugar o próximo venres 15 de abril.

Dende o Concello fan un chamamento a aqueles establecementos de hostalaría que queiran participar se anoten na Casa Consistorial tendo de prazo ata o próximo martes 5 de abril ás 14.00 horas.

Nas edicións anteriores o Concello facilitaba aos locais de hostalaría o produto e cada un deles

preparábo de maneira diferentes para poder ofrecer aos clientes como tapa da consumición.

Na última edición desta festa, celebrada con normalidade no ano 2019, participaron 16 negocios, a maioría deles situados na Pobra de San Xiao, Xeitoso, Puchas, Con Vero, Avenida e Refugio, xunto co Mesón do Neira, mesón Don Cosme e o disco-pub Joy.

Tamén formaron parte dentro da parroquia de Láncara o establecemento Ramón, Benita, Casa Enriqueuta, Casa Pedro de Armea, a Taberna de Muro, o restaurante A Reboleira e a taberna de Vilaleo.

A Pobra de San Xiao recupera o 1 de maio a Feira da Tenreira Galega

Despois de dous anos de inestabilidade, estase a traballar na recuperación de festas e celebracións de maneira segura. Grazas aos avances acadados nos últimos tempos os concellos xa están a retomar os festexos, iso é o que está a facer a Pobra de San Xiao que o vindeiro 1 de maio celebrará a Feira de Tenreira Galega.

A Feira de Tenreira Galega é unha data xa consolidada na vila, ademais, neste ano celebra o seu recoñecemento como Festa de Interese Turístico de Galicia que foi concedido en febreiro de 2020 e que a pandemia impediu celebrar. O pregón desta celebración correrá a cargo da escritora lancareña Rocío López Núñez que ten publicadas cinco libros de novela negra.

O escenario elixido para a celebración da festa será o campo da feira da Pobra. O día 1 terá lugar a degustación de tenreira que preparará o restaurante Canedo de Lugo en diferentes formas. O alcalde, Darío Piñeiro afirmou que como mostra de apoio aos gandeiros, durante este ano a carne será de tenreira galega suprema, achegando aos veciños



esta carne de gran calidade que ademais, o concello lancarés, ten gran relevancia.

O recinto ferial acollerá exemplares de rubia galega xa que tamén se retoma o concurso. Desta forma, haberá un sorteo dunha becerra entre todas as persoas empadroadas en Láncara e outro sorteo entre aquelas persoas que coman na carpa.

A gran celebración será o vindeiro 1 de maio aínda que os actos darán comezo o venres 29 de abril con pratos elaborados a base desta carne e animación musical.

Por outra banda, o 30 de abril a festa estará dedicada aos maiores e terá lugar nas mesmas carpas. Os xubilados do concello poderán desfrutar desta carne de maneira gratuita. O 30 de abril tamén foi a data elixida para homenaxear ao persoal do centro de saúde e sociosanitario do municipio, que realizaron un traballo fundamental durante os últimos tempos debido á covid. O sábado 30 tamén está organizado o dobre torneo benéfico de tute e parchís que ten como obxectivo recadar fondos para a Asociación Objetivo Diagnóstico.

O Concello asina un convenio coas asociacións



O Concello de Láncara amosa o seu compromiso co tecido asociativo. O alcalde Darío Piñeiro asinou convenios ca Asociación Cultural Val de Láncara, con Puebla Futsal e ca Asociación o Noso Lar co obxectivo de poñer en marcha distintas iniciativas que beneficiarán ó conxunto da veciñanza.

Este convenio suporá que as asociacións e grupos que promoven a vida cultural, deportiva e de ocio na vila conten con maiores recursos.

A Asociación Val de Láncara, naceu no ano 1992, co ánimo de dinamizar a vida social e cultural do municipio. O éxito de eventos como a malla ou a entrega de premios 'Fa-

cer país' deron forza a este colectivo que, en plena pandemia, apostaba por renovar, por vez primeira, a súa directiva. Un grupo de mozos tomou o pasado ano a substitución coa idea de manter o legado dos seus antecesores. Ilusión e novos proxectos non lles faltan.

Por outra banda, o equipo de fútbol sala Puebla futsal de Pobra de San Xiao que conta cun curto percorrido e gran apoio no municipio está a acadar grandes resultados sociais e deportivos na vila. Mentres que a Asociación o Noso Lar acolle ás mulleres rurais da zona con actividades que promoven o ocio de Láncara.

o páramo



Farán melloras no campo da feira cunha achega da Deputación provincial

O Páramo contará con 275.000 euros que destinará á mellora da contorna do campo da feira. Estes traballos supoñen a humanización do espazo, construción de beirarrúas e renovación dos servizos de abastecemento e saneamento da auga.

Estas actuacións axudarán a mellorar este espazo que concentra a maior parte dos servizos da vila, ademais, estase a acondicionar un lugar de reunión e festexo que se emprega para os grandes eventos do Páramo. Este lugar conta con gran afluencia xa que nas súas inmediacións e contorna atópase a carballeira do campo da feira, o consistorio, o centro social, o ambulatorio ou o colexio, polo que o seu acondicionamento supón unha mellora na calidade dos servizos e dos accesos aos mesmos para os veciños.

A empresa adjudicataria das obras foi Hermanos Blanco Trigo que ten sede en Outeiro de Rei. Os labores que comezaron fai uns días afectan a máis dun quilómetro dende a Ciguñeira ata a Casa de Aquilino. Estas actuacións supoñen a construción das primeiras beirarrúas do municipio, colaborando así na mellora da imaxe desta zona, ademais de aportar maior seguridade aos viandantes.

Entre os traballos que se levarán a cabo atópase a habilitación dunha explanada para estacionamento de vehículos e colocación de contedores, melloras no acceso ao centro de saúde, pavimentación e asfaltado da calzada, pintado de pasos de peóns, instalación de luminarias. Tamén haberá melloras nos servizos de abastecemento e saneamento da auga.

Investirán 47.000 euros para acondicionar a pista de Santandrea

O Concello do Páramo e a Consellería do Medio Rural da Xunta investirán un total de 47.516 euros no acondicionamento da pista que vai dende Areas a San Mamede, Santandrea, Reascos e Beleigán. Os traballos suporán á mellora do firme con aglomerado en quente nun quilómetro desta estrada.

As obras son financiadas de maneira íntegra pola Consellería de Medio rural a través dun convenio co Concello. Os traballos levaranse a cabo cando a climatoloxía o permita xa

que esta pista é de gran relevancia para os veciños desta zona xa que se trata da entrada ao municipio do Páramo. O pasado novembro tamén se aprobou en Xunta de Goberno da Deputación a mellora na LU-P-4304, da Pobra de San Xillao ao Páramo, a Deputación adjudicou por preto de 300.000 euros obras en dous treitos, o que vai do punto quilométrico 5,200 ao 5,435 e outro, de máis dun quilómetro, no punto no que esta estrada enlaza coa N-VI ao seu paso por Conturiz.

O castiñeiro de Ramil forma parte da guía das especies do Camiño

Co motivo do Día da árbore Correos realizou unha guía que conta coas especies máis destacadas que se poden atopar no Camiño de Santiago. Os peregrinos que usaron o servizo Paq Mochila para trasladar o seu equipaxe recibiron esta guía que mostra o lugar onde se atopa o exemplar.

A guía está formada por 16 especies e pódese obter de maneira gratuíta nas oficinas principais de Correos de Jaca, Burguete, Pamplona, Logroño, Burgos, León, Ponferrada, Sarria e Santiago de Compostela.

Esta guía enmárcase no proxecto Camiño Sostible que ten como obxectivo dar a coñecer o patrimonio artístico, humano e naturas das rutas xacobeas.

En total, pódense atopar 16 especies que están repartidas polo Camiño de Santiago. A guía recolle o carballo albar no bosque de Sorginaritzaga ou a carballeira das Bruxas en Navarra, o pino carrasco na saída da Rioxa, os bosques de haxas en Montes de Oca, Burgos, de serbal dos cazadores na Cruz de Fierro en León ou os alixos presentes en Galicia.

Ademais do castiñeiro de Ramil que leva presente no Camiño dende fai máis de 800 anos, a guía tamén reco-



lle árbores singulares como o ciprés do convento da Anunciada en León que conta con 400 anos, o máis antigo de España.

CASTIÑEIRO DE RAMIL. Trátase dun dos castiñeiros máis fermosos de Galicia, unha especie cunha forte presenza na Comunidade e que os estudos científicos confirman que se trata dunha variedade autóctona presente no territorio antes das últimas glaciacións. De feito, indicou que coa incorporación deste novo exemplar son xa 20 os castiñeiros que forman parte do Catálogo, a segunda especie máis representada no mesmo tan só por detrás dos carba-

llos, que suman 27.

Con máis de oito séculos de vida, a Castiñeira de Ramil existía cando Aymeric Picaud, autor do Códice Calixtino, realizou o Camiño de Santiago, unha antigüidade que se ve reflectida nos seus 9 metros de perímetro, 22 de altura e nunha estrutura chea de ocos imposibles e grosas pólas, que parecen abrazar a árbore. Esta impresionante morfoloxía semella unha radiografía do paso do tempo, á vez que desde a súa privilegiada localización en Ramil, o castiñeiro dálle a benvinda aos camiñantes que chegan a diario a Triacastela na súa peregrinación cara a Santiago de Compostela.

Triacastela forma parte do documetal 'El Camino Interior'

O produtor e director de cine Miguel Ángel Tobías acaba de estrear a serie documental *Camino Interior*, este é un proxecto solidario no que realiza o Camiño de Santiago xunto a nove persoas máis. Nesta ruta xacoba, Triacastela é unha das súas paradas. O Concello de Triacastela forma parte do Camiño Francés, polo que durante un dos capítulos é o escenario que percorre Miguel Ángel Tobías cun dos profesionais que realizan a ruta con el. O camiño de Santiago leva dende fai séculos sendo unha ruta percorrida por millóns de peregrinos xa sexa por motivos relixiosos, culturais, deportivos ou ocio. As motivacións son diversas, dende retos ata promesas. A realidade manifestada por aqueles que fixeron o camiño é que a ruta ten encanto, maxia, espiritualidade que teñen como resultado unha toma de decisións que poden cambiar a vida das persoas. O proxecto xurdiu durante a pandemia, o produtor e director de cine chegou á conclusión de que o ence-



ro afectaría de maneira psicolóxica ás persoas e o Camiño sería unha forma de revincularse co aire libre, natureza e un mesmo.

Durante o percorrido, Tobías é acompañado por Alejandra Vallejo-Nágera (psicóloga), Albert Bosch (aventureiro, escritor e emprendedor), David Meca (deportista e nadador de augas abertas), Pedro Aguado (presentador, escritor e conferenciante), Quico Taronj (xornalista e conferenciante), José María Poveda (neuro-psiquiatra e filósofo) y Mario Alonso

Puig (médico).

A eles súmanse José Manuel Zapata (escritor e conferenciante), Alicia Sornosa (xornalista, viaxeira e escritora), Nacho Dean (naturalista e escritor), Miguel Blanco (xornalista), José Ramón García (empresario), Bisila Bokoko (empresaria), Edurne Pasabán (alpinista), Cristian Sainz (informático, cociñeiro e ex esquiador paralímpico) e Javier Benavente (empresario).

O capítulo no que sae Triacaste emítese en televisión nacional.

“O Camiño de Santiago supón o 30% do PIB do Concello”

Olga Iglesias é alcaldesa de Triacastela dende o ano 2011

Como se introduciu no mundo da política?

Eu presentéime por primeira vez no ano 2003 aínda que xa era afiliada do Partido Popular antes. Dende pequena vivín activamente a política na miña casa porque os meus pais estiveron metidos en política local. Cabe destacar que sempre primei os estudos e o traballo.

Leva máis de 10 anos gobernando Triacastela, como valora esa confianza mandato tras mandato?

Eu creo que esa confianza débese sobre todo á preocupación que mostramos polos problemas que teñen os veciños. Tendo sempre un proxecto de concello onde primamos os servizos sociais, a gandería e o turismo co camiño de Santiago. Nós potenciamos o sector primario e o turismo, intentando apoiar as iniciativas que lle dan valor engadido aos produtos da produción primaria. Preocupándonos do benestar dos veciños e facendo inversións en melloras de pistas e camiños agrarios. Algo que nos parece fundamental para que os gandeiros poidan traballar o máis comodamente posible. Os servizos sociais tamén son moi importantes, por iso fomentamos que autónomos creen espazos de coidado que

ademais de dar un servizo aos cidadáns do concello crean emprego e fixan poboación. A maiores, agora estamos coa creación de solo industrial.

Que lle pode aportar vostede a Triacastela?

Se volven confiar en min, que así me gustaría que fose, podería aportar un proxecto de vila e de Concello. Onde teríamos como obxectivo a mellora da economía e do social no noso concello. Todas as medidas que tomamos xiran en torno a ese dous eixes.

Que é o que máis lle gusta do Concello?

Gústame todo pero o que máis é a combinación de natureza, gandería e camiño.

Que pode ofrecer Triacastela que outros concellos do arredor non?

Somos concellos pequenos e todos temos cousas similares. Pero ofrecer nun espazo de pouco mais de 50 km cadrados gandaría sostible e un sector turístico baseado no Camiño de Santiago combinado coa natureza é o noso punto forte.

Que é o que mellor se fixo en Triacastela, o maior éxito acadado?

Calquera logro que mellore a vida dos veciños.

Cal é a súa maior necesidade?

Na actualidade a creación de

solo industrial é moi importante. Como están a paliar esa carencia?

Creamos un plan especial de solo industrial que é pequeno pero que se poderá ampliar nun futuro e que xa pasou favorablemente o tramite ambiental, que está pendente de facer a aprobación inicial.

Unha potencia de Triacastela é o Camiño de Santiago. Como repercute este no Concello?

O Camiño de Santiago supón o 30% do produto interior bruto do Concello. Ten unha gran repercusión en emprego preto da casa, potencialidade económica, que a xente poida traballar aquí e non teña que ir fora. Necesitamos facer melloras no saneamento e estamos traballando niso.

“Solicitamos agora mesmo unha axuda para mellorar o parque infantil do Concello”

Hai maior movemento de empresas e negocios debido ao Camiño?

Si, por suposto. O camiño repercute positivamente no patrimonio cultural porque ao longo do tempo vense comprando e restaurando inmobles dándolles unha funcionalidade económica que habitualmente xira en torno a ruta xacobeá.

Como se está a explotar o turismo e o camiño actualmente?

Dende o Concello estamos a levar a cabo programas e proxectos de divulgación de información e coñecemento do Camiño e o municipio. O primeiro libro



de Triacastela e o camiño levou-se a cabo neste mandato. No Códice Calixtino xa se informaba de que o final da etapa do Camiño francés é Triacastela, o noso obxectivo e darlle o valor que isto supón para o concello. Por iso, con isto como eixe central fixemos un libro “Triacastela, refugio real”. Triacastela fundouse porque era un punto estratéxico para ser final de etapa dos peregrinos, isto é un dato que hai que potenciar. Triacastela é un val que ofrece refuxio aos peregrinos dende a Idade Media onde varios reis de Castela e León pasaron e pernoctaron. Ademais, tamén intentamos promocionarnos turisticamente a través da creación de vídeos que publicamos a través das nosas redes sociais. O primeiro foi o do castiñeiro de Ramil. Creemos nun proxecto integral, non só o camiño, senón nun que inclúa dende a produción primaria, a paisaxe e a cultura.

Que é o que máis lle gusta da vida política?

Cando te dedicas a vida política desde o punto de vista local o que máis gusta é o trato coa xente, todo o demais xira en torno a iso.

Cal foi a súa maior decepción nesta profesión?

Todas as decepcións co tempo se minimizan e pasan a esquecerse.

Que é o que máis demandan os veciños de Triacastela?

Queren que lles arranxen os camiños, as pistas, que se lles de cobertura social cando precisan axuda a domicilio e que o seu pobo soe como etapa fundamental do Camiño Francés en todo o mundo.

Que beneficios ten vivir en Triacastela?

Ofrece moita tranquilidade, a tranquilidade do mundo rural. Tes centro de saúde, colexio, casa niño, casa maior, traballo relacionado co camiño, podes facer un negocio que se retroalimenta do Camiño de Santiago como pode ser a elaboración de queixos, embutidos, envasado de mel, etc.

Que novos proxectos está a artellar para mellorar os servizos do Concello?

Solicitamos agora mesmo unha axuda para mellorar o parque infantil do concello. Seguimos a mellorar as pistas e camiños rurais e temos o proxecto de construír unha pista de pádel.

Hai algún tipo de política que fomente a vida no rural actualmente en Triacastela, algún tipo de axuda ou campaña de fixación de poboación?

Eu creo que non hai unha campaña en concreto pero si que os servizos que ofertamos favorecen a fixación de poboación. As casas niños, as gandarías, a creación de postos de traballo. Eu creo que é fundamental que as administracións garantan unha conexión de internet rápida e barata que axudaría a fixar poboación.

Como visualiza Triacastela nun futuro?

Teño unha visión optimista de Triacastela como concello rural. Algunha actividade que se teña programada nas datas próximas?

Estamos traballando para retomar todo, facer a Festa do Peregrino e a festa de San Mamede.



AGRO

A Xunta prohíbe de novo as queimas agrícolas e forestais

Dende o 5 de abril quedaron prohibidas as queimas de restos agrícolas e forestais realizadas por particulares en Galicia, quedando excluídas desta prohibición as queimas controladas que executa o Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais debidamente planificadas e dispoñendo dos medios de extinción precisos. Isto implica que, dende xa, non se darán máis permisos e os xa concedidos quedarán en suspenso a partir deste momento.

A decisión tomouse tras avaliar a evolución da situación meteorolóxica e unha vez analizados polo miúdo os diferentes indicadores técnicos que inciden no risco de lume. Tamén tendo en conta que a normativa –Decreto 105/2006, polo que se regulan medidas relativas á prevención

de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais– prohíbe as queimas cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control.

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural pide colaboración da cidadanía para que extreme as precaucións e denuncie calquera actividade delituosa incendiaria da que teña coñecemento, dado que desde este momento e ata novo aviso non está permitido o uso do lume para ningunha actividade agrícola e forestal para particulares. Ademais, a Consellería lembra que está a disposición da cidadanía o número de teléfono gratuito 085, ao que deben chamar en caso de detectar algún lume forestal.

As cortas de madeiras en Galicia serán controladas vía satélite

O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, José Luis Chan, anunciou que a Xunta controlará vía satélite as cortas de madeira que se realicen nos montes galegos. Vén de desenvolverse unha ferramenta baseada en teledetección lonxana (Sentinel-2 e/ou outras fontes similares) que posibilita a detección de cortas no territorio galego, é dicir, que as propias cortas serán controladas vía satélite. Un proxecto elaborado en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). En Galicia córtanse ao ano preto de 10 millóns de metros cúbicos de madeira, máis da metade do volume de corta en España, e que o número de solicitudes de corta supera as 55.000 ao ano, dispersas en preto de 85.000 referencias catastrais diferentes e nunha superficie media inferior ás 0,8 hectáreas. Debido a ese volume, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal xa ten operativo un sistema de control de cortas mediante imaxes satélites que posibilitará á Administración forestal coñecer en tempo real cando se producen as cortas.

Abre o prazo para pedir as axudas da PAC 2022



Xa está publicada a orde da Consellería do Medio Rural que regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema Integrado de Xestión e Control, as coñecidas como axudas da PAC. Os gandeiros e agricultores galegos poderán presentar a solicitude única ata o 30 de abril, accedendo directamente cun certificado dixital á aplicación informática SGA ou acudindo ás distintas entidades colaboradoras. O orzamento previsto para esta convocatoria elévase aos 210 millóns de euros, dos cales 170 millóns correspóndense cos pagamentos directos da PAC e 40 millóns de euros coas medidas de

Os criadores de Acruga cifran a perda de 350 euros por exemplar

O presidente da Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega, César Dorado, cifra unha perda media de 350 euros en cada exemplar de tenreira galega suprema-carne de rubia galega que leva ao matadoiro. Para iso establece nuns 250 quilos de carne, o que supón a venda dunha canle no matadoiro.

Dorado Pin sinala que “para o gandeiro producir un quilo de carne desta calidade custa uns 6 euros, mentres que o prezo por quilo está a pagarse agora entre 4,60 e 4,80 euros, no mellor dos casos. Por tanto, actualmente os gandeiros de rubia galega atópanse producindo a perdas, cun déficit de 1,40 euros por quilo, e vendendo moi por baixo dos seus custos de produción, o que a longo prazo supón pagar do seu peto uns 350 euros por cada exemplar que levan ao matadoiro”.

Ante esta situación insostible, o presidente deste colectivo, que engloba a uns 1.200 produtores da que é a carne de maior calidade de cantas



César Dorado, presidente de Acruga

canles comercialízanse baixo o selo de Rubia Galega, reclama unha vez máis ás administracións que se senten a dialogar para adoptar as medidas necesarias que poñan fin a esta situación.

Dorado Pin lembra que “no último ano o prezo da tonelada de penso viuse incrementado en máis de 100 euros por tonelada, é dicir máis dun 40% do seu custo; o gasóleo, que representa un 20% dos gastos de pro-

dución, dobrou o seu prezo, mentres que os abonos e plásticos agrícolas aumentaron a súa contía en máis dun 60 %”. Todo isto, incide, “fai que os custos de produción incrementaran de maneira considerable, custando máis de 6 euros producir un quilo de carne desta cualificación”.

O presidente desta asociación sinala ademais que “a situación actual vén apontoar un panorama que xa era malo nos últimos anos”. De feito comenta que “os prezos de venda da carne mantéñense en niveis de hai 30 anos”.

Por último, desde este colectivo, o máximo representante dos gandeiros de rubia fai fincapé en que “esta situación condena á desaparición a miles de ganderías tradicionais que basean a súa produción no aproveitamento do pastoreo e na que os animais maman nas súas nais ata o momento en que van ao matadoiro. Creo que isto non só afectará os gandeiros de rubia, senón que condenará ao abandono do medio rural”.

As comunidades de montes piden o apoio aos concellos para a súa iniciativa lexislativa

A Organización Galega de Comunidade de Montes, ORGACMM, solicita aos concellos galegos o seu apoio para preservar o monte comunal a través dunha declaración institucional. A moción ten como finalidade visibilizar o amplo respaldo que a sociedade galega lle da a Iniciativa Lexislativa Popular prantexada pola ORGACMM para impedir a enaxenación do monte comunal e manter a xestión en mans da veciñanza. Esta iniciativa da Organización Galega de Comunidade de Montes ven motivada “pola presa que ten o Partido Popular para eliminar o carácter xermánico dos montes veciñais en man común como paso previo para proceder a súa privatización masiva”. No Consello forestal celebrado o pasado mes de xaneiro, por iniciativa do conselleiro do medio rural, aprobouse o procedemento de participación cidadán que consistía na recollida de propostas das organizacións que conforman dito consello. A Consellería do Medio Rural comprometéase a elaborar con estas achegas un borrador que sería de novo debatido no Consello forestal. Unha vez debatido se exporía a consulta pública e

entrada no Parlamento Galego. “A pesar deste compromiso, o presidente da Xunta de Galiza e do Partido Popular, logo do consello da Xunta de Galiza do pasado día 31 de marzo, anuncia que a futura lei de montes veciñais en man común será presentada no Parlamento Galego polo grupo do Partido Popular saltándose todo o proceso de participación sectorial e ninguneando á Organización Galega de Comunidade de Montes, asociación con maior representación dos montes veciñais”, din. Explican que o Partido Popular quere aprobar “pola vía rápida” unha lei de montes veciñais en man común porque esta “cumpre os peores pronósticos denunciados pola ORGACMM. De aprobarse esta lei, abriríase a porta a expropiación ou enaxenación dos montes veciñais, xa que poderían perder a súa condición de comunal e intrasferible. A ORGACMM alerta de que se esta lei se leva adiante, o expolio está servido: a industria maderreira farase co monte veciñal e perderase a silvicultura sostible e o monte multifuncional que defenden e practican as comunidades de montes galegas”.

DEPUTACIÓN



A Deputación reclama á Xunta un plan para a rede de telefonía móbil

A Deputación reclama á Xunta de Galicia que elabore un plan para que os concellos poidan afrontar os gastos que traerá consigo a instalación da rede de telefonía móbil que o Goberno autonómico proxecta para 290 entidades de poboación galegas. Piden que asuma directamente estes gastos ou que elabore un plan de axudas específicas para evitar que os municipios teñan que facer fronte coas arcas locais a estes investimentos. Así o acordou o Pleno provincial deste mes de marzo a proposta do PSdeG, cos votos a favor de socialistas e nacionalistas, e a abstención do PP.

O Deputado de Cooperación e Asistencia aos concellos, Xosé María Arias, explicou que o Goberno autonómico ten proxectado a mellora do servizo de telefonía móbil para mellorar a cobertura duns 7.000 habitantes galegos, pero deixando da man dos concellos os custos de levar a acometida eléctrica ás torres de telefonía móbil. “O plan de dixitalización do rural galego e lucense dista moito da realidade. A Xunta agocha que a parte máis gravosa dos traballos vai recaer nos concellos, xa que

serán eles os encargados de atopar as parcelas para instalar as torres de telefonía, tamén terán que poñer estas parcelas a disposición da Xunta, así como sufragar todos os gastos que xurdan do proceso, tendo en conta que maioría das parcelas estarán situadas en mans privadas”, especificou.

Na súa intervención, Xosé María Arias explicou que “a Xunta saca peito de investir 3,7 millóns de euros de fondos públicos para este plan, o que supón 12.700€ para cada núcleo de poboación”, pero incide en que pola súa banda, “a Xunta reclámalle uns gastos aos concellos que poderán supoñer un cargo nas arcas municipais de entre 60.000€ e 200.000€, dependendo do concello”.

“É lamentable que case dous anos despois a Xunta non teña un plan integrado de dixitalización que estea financiado por fondos europeos, nun rural inmerso nesta enorme fenda dixital”, subliñou. “Esta é unha chapuza máis, un remendo do Goberno galego que non soluciona nada, e unha vez máis vemos como a Xunta encarga que paguen outros”. Así mesmo, afirmou que “entende-

mos que un goberno que deixa sen executar o 51% dos fondos europeos que percibe da Unión Europea, 1.400M€, non está lexitimado para reclamarlle aos concellos que asuman o custo dunhas infraestruturas básicas para o desenvolvemento de Galicia”.

Arias recordou, ademais, os anuncios de Feijóo en decembro de 2020 sobre a Estratexia Galicia Dixital 2030 que pretendía mobilizar 4.000 millóns de euros para aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible co impulso de solucións intelixentes no plano social, económico e ambiental, cunha estratexia que recollía fondos para o período 2021-2022. “O investimento para o período 2022/2023 é de 3,7M€ de fondos públicos, polo que custa crer que a ese ritmo se teñan investido os 2.400 millóns que prometera Feijóo antes de decidir que Galicia lle aburría e que era mellor marchar a Madrid”.

O Pleno aprobou unha Declaración Institucional para condenar a agresión que está cometendo Rusia contra Ucraína. Foi acordada de xeito unánime por PSdeG, BNG e PPdeG.

Aprobadas as obras do Plan Único

O Pleno extraordinario da Deputación aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único 2022, que nesta anualidade conta con 21,5M€ de fondos da institución provincial.

As entidades locais danlle prioridade aos investimentos -aos que dedicarán 14,6M€, preto do 70% do total dos fondos, para acometer máis de 560 obras e subministracións-seguido da creación de emprego, á que destinan 3,5M€, cos que crearán 300 postos de traballo; e do Ser-

vizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que reciben 3,2M€ para atender a máis de 3.000 persoas. Dedicarán tamén 200.000€ para medidas sociais e económicas de loita contra o impacto da pandemia.

Para o Plan, a Deputación achega 21,5M€, unha cantidade importante coa que o Goberno provincial reforza o seu compromiso de cooperación cos concellos para que poidan manter e mellorar a prestación de servizos á cidadanía. Este programa de investimentos inxecta en total máis de 25M€ de fondos públicos na sociedade e na econo-

mía sumando os 21,5M€ que dedica institución provincial e as achegas dos concellos.

Os concellos presentaron as súas propostas para investir estas importantes partidas económicas da institución provincial aos distintos programas establecidos: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); fomento do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións/eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; protección civil; e emerxencia sanitaria.

Deputación e EOI ofrecen axudas para incorporar mozos en prácticas remuneradas

A Escola de Organización Industrial (EOI) xunto coa Deputación convocaron unha liña de axudas por un importe total de 210.000€ para empresas e asociacións da provincia interesadas en contar con mozos e mozas en réxime de prácticas non laborais remuneradas. O prazo de solicitude abriuse este mércores tras a publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE) da convocatoria, enmarcada no programa Reinicia-te: Enfoca o teu futuro que teñen en marcha a institución provincial e a EOI, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e que ten como obxectivo favorecer a inserción laboral da mocidade en profesións con alta demanda, como son as vinculadas coas novas tecnoloxías e a dixitalización, a través de formación gratuíta e prácticas remuneradas.

Estas axudas servirán para sufragar

as becas que percibirán os rapaces e rapazas por un período de prácticas non laborais de tres meses. A remuneración total que como máximo recibirá o alumno ou alumna é de 2.084,47€, o que supón 1,2 veces o IPREM mensual. No caso de persoas cunha discapacidade superior ao 33%, a contía total a percibir será como máximo de 2.431,88€ por alumno, 1,4 veces o IPREM mensual. Cada entidade ou empresa beneficiaria das axudas poderá contar con varios alumnos ou alumnas.

Poden optar a esta convocatoria todas aquelas empresas de calquera sector, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro da provincia de Lugo que queiran incorporar no seu equipo a mozos para prácticas non laborais e que firmen un convenio co Servizo Público de Emprego con esta finalidade.



Presentación do programa Coñece a túa provincia

Estrea da nova tempada de Coñece a túa provincia

A Deputación estreou a segunda edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que se beneficiarán máis de 3.000 persoas de 136 asociacións e colectivos lucenses. Nesta segunda edición os usuarios e usuarias viaxarán en dúas quendas que permitirán coñecer a provincia en primavera, dende hoxe e ata o 30 de xuño, e en outono, de setembro a novembro.

A primeira entidade beneficiaria, a Asociación Provincial de Amas de Casa e de Consumidores de Lugo Lucus, visitou o Pozo da Ferida e o concello de Ferreira do Valadouro para despois seguir a ruta no castelo de Castrodoiro e a Finca Galea, ambos en Alfoz. A ruta comezou cun perco-

rrido polo Pazo de San Marcos onde puideron coñecer a súa historia.

80 asociacións e colectivos da provincia participarán ata o mes de xuño nas visitas coas que percorrerán o patrimonio natural, histórico, gastronómico e cultural dos concellos lucenses”, explicou García Porto. A primeira parada de cada viaxe realizarase sempre nun espazo de titularidade provincial, como pode ser o Pazo de San Marcos, o Centro de Producción Audiovisual, a Granxa Gayoso Castro, o Centro de Interpretación Terras do Miño ou o Mazo de Santa Comba.

A institución provincial recibiu 170 solicitudes durante o período de inscrición, das que foron admitidas 135.

COLABORACIÓN

O docente, figura insubstituíble

O PUPITRE



Julio Díaz

Os docentes son un pilar insubstituíble na educación por ser ademais de administradores de coñecementos, axentes que xeran profundos cambios nos seus alumnos/as.

A función do docente, hoxe máis que nunca, é insubstituíble na aula. O seu labor consiste en motivar aos seus alumnos/as, orientarlles, espertar neles unha cultura do esforzo, do traballo. Xuntos, docente e alumnos/as, deseñan, planean, descubren e emprenden co fin de avanzar e innovar.

Os estudantes hoxe atópanse cunha gran cantidade de ferramentas, de información, de opcións e ante iso nós debemos ser capaces de motivarlles a

ser constantes, a aprender a seleccionar e a orientar os seus esforzos á vez que compartimos con eles os nosos coñecementos e as nosas experiencias.

A verdade é que, aínda que o confinamento pillounos a todos por sorpresa, e cando se decretou o peche dos centros educativos, os docentes soubemos adaptarnos e en moi poucos días fomos capaces de trasladar a actividade educativa das nosas aulas ás nosas casas, convertendo as nosas habitacións en espazos que irradiaban coñecementos e os nosos salóns en verdadeiros estudos de televisión, que nos permitiron facer un seguimento e un acompañamento educativo para que ningún dos nosos alumnos/as quedasen descolgados. Perseguímolos por terra, mar e aire, todos os días da semana, sen horarios para que as desigualdades sociais non creasen brecha nos máis desprotexidos e desfavorecidos. Tivemos que adaptarnos de maneira exprés á aprendizaxe a

distancia e manexar novas ferramentas dixitais, a maioría das veces sen a formación adecuada para iso, co hándicap de carecer das infraestruturas e medios necesarios e con verdadeiras dificultades para conseguilas, dada a situación de confinamento no que nos atopábase. Os docentes estivemos na primeira liña para garantir a continuidade dunha aprendizaxe de calidade cando os nosos centros estaban pechados e desempeñamos un papel cruce ao longo de toda a pandemia, aínda que para nós apenas houberse aplausos.

Desempeñamos un labor especialmente difícil nos últimos tempos e se algo positivo deixounos esta pandemia é que puxemos de manifesto o valor do docente nas nosas aulas educativas e no conxunto da sociedade. Estivemos en primeira liña nos momentos máis difíciles, proporcionando coñecementos e sobre todo apoio socioemocional aos nosos alumnos cunha especial dedica-

ción e agarimo cara aos máis vulnerables e con menos medios.

A pandemia de COVID-19 sacou á luz as debilidades e gretas do sistema e reclámanos certos aspectos que debemos reforzar e potenciar para poder alcanzar un sistema educativo que se adapte aos nosos alumnos/as e a unha sociedade moderna e cambiante, avanzando así cara a unha verdadeira educación do século XXI.

Outra importante lectura que debemos facer destes durísimos dous últimos anos é que a presencialidade na aula é vital para os nosos mozos, pero tamén que as novas tecnoloxías achégannos unha infinidade de vantaxes, oportunidades, recursos e medios. Na miña opinión, sería temerario esquecer a experiencia vivida e desmontar os mecanismos, as pautas e as prácticas que orixinamos para manter unha educación de calidade en funcionamento máis aló da presencialidade, pero non

esquezamos nunca que non se pode pensar nunha educación que non procura a proximidade, a mirada cómplice, o fortalecemento que produce ao neno e ao adolescente crecer e amarear coñecementos e destrezas, día a día, en compañía dos seus docentes. O valor da profesión docente é insubstituíble e non van a ser a tecnoloxía, as aulas virtuais, o ensino en liña, a realidade virtual, as videoconferencias, Zoom, Teams, Meet.. as que van salvar a educación despois de dous anos de profunda pandemia, senón os docentes que estamos ao pé do canón todos os días.

É moi difícil predicir o futuro, pero desde o meu punto de vista a presencialidade é irrenunciable na profesión docente, aínda que as novas tecnoloxías brindannos multitude de vantaxes e oportunidades e sería moi positivo complementalos, permitíndonos así crear un sistema máis completo e máis robusto, aproveitando o presencial e o en liña.

Música en palabras

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

O teatro, que será esa maxia indescribible que o rodea? Esa forza que transcende o escenario? Imaxino que non sempre se produce ese efecto tan especial, ese "non-sei-que" que non se pode explicar, pero que, cando ocorre, é un bálsamo para a alma.

Hai unhas semanas asistín a unha conferencia sobre María Casares no Museo de Belas Artes da Coruña con motivo da celebración do centenario do nacemento da actriz. Durante a conferencia proxectouse un fragmento dunha gravación teatral onde participaba Casares. A obra en cuestión era "Yerma", do gran Federico García Lorca; peza enmarcada dentro da chamada "triloxía lorquiana" xunto a "Bodas de Sangre" e "La casa de Bernarda Alba". Dende o primeiro segundo desa gravación, sentín esa maxia estraña... Non podía parar de mirar a figura de María, esa muller dun metro sesenta que cando sae a escena transfórmasse nunha deusa, nunha auténtica forza da natureza que imprime un selo único e persoal a cada palabra, a cada frase. Casares e Lorca, un binomio dramático perfecto.

Pero, quen é esa muller da Coruña? Esa marabillosa actriz que namorou a espectadores de Francia e medio mundo? Triunfou no cinema e no teatro, tivo relacións con Albert Camus, quitou pa-

peis a Marlene Dietrich e está considerada un "monstro sacro" no país veciño. Con todo, case 25 anos despois da súa morte, a súa figura aínda non é de todo reivindicada en España.

Cando en 1981 María Casares (A Coruña, 1922- Alloue, Francia, 1996) se presentou en España para falar das súas memorias, o público nacional non tiña nin idea de que aquela muller madura de melena desaliñada e trazos de aguia, á que vagamente vinculaban cun político exiliado, era en Francia unha lenda viva do cinema e o teatro. Para empezar, resultaba impensable que unha gran actriz puidera expresarse con aquel fermosísimo acento galego que conservara intacto ao longo de medio século como quen garda un tesouro da súa infancia, que é o que realmente era...

Precisamente naquel libro de memorias, titulado "Residente privilegiada", dedicaba á súa Galicia natal o espazo que merecía: falaba dunha infancia idílica entre A Coruña e Montrove, onde a familia alugaba o palacete "Villa Galicia" para pasar os veráns. A súa nai, Gloria Pérez Corrales, proviña dunha familia modesta, mentres que o seu pai, Santiago Casares Quiroga, lucía un lustroso "pedigree" político progresista. Coa chegada da Segunda República, Casares Quiroga foi requirido para diversas carteiras no novo goberno e a familia trasladouse a Madrid, o que supuxo o primeiro trauma na vida da nena Vitola (así chamaba o seu pai a María Vitoria Casares). Aínda que grazas á súa estadia madrileña, puido coñecer a xen-

te como Azaña, Largo Caballero, Lorca e Valle-Inclán, un legado que debeu compensala sen lugar a dúbida.

O seu segundo trauma non tardaría en chegar. Cando a facción militar sublevada deu o golpe de estado que desencadeou a Guerra Civil española, o seu pai estaba á fronte do goberno republicano, así que tiveron que exiliarse a Francia. Só Esther, filla natural de Santiago Casares, permaneceu na Coruña, refén dos nacionais. María, seica interesada en facer valer a súa "españolidade", atribuíu moitos dos seus logros vitais a un "donjuanismo" que compartía co seu pai. Esa pulsión sedutora que lle levaba a conquistar aos seus amigos, aos directores e autores teatrais, ao público do seu novo país, á propia lingua francesa. Cando chegou a París, María Casares tiña xa catorce anos e apenas sabía falala. Antes dos vinte estaba a facer primeiros papeis nos escenarios franceses e pola súa dicción ninguén diría que non naceuse na Touraine! De feito en 1942, convertíase en protagonista absoluta nunha montaxe dirixida por Marcel Herrand de "Deirdre of the Sorrows", traxedia mitolóxica do irlandés John M. Synge pola que recibiu críticas entusiastas. Herrand quixo entón montar con ela "O Malentendido", do escritor existencialista e futuro premio Nobel, Albert Camus.

Na pantalla debutou ao grande en 1944. Xunto co seu descubridor nos escenarios, Marcel Herrand, foi recrutada polo director de cinema Marcel Carné para o elenco de "Les enfants du Paradis", superproducción escrita por Jacques

O RECUNCHO DE CANELINA



Prévert que pola súa excelencia artística, importancia histórica, duración desmesurada e tormentosa rodaxe (foi a última cinta nacional realizada baixo a ocupación nazi, e sufriu todas as restricións propias do momento) describiuse como un "Lo que el viento se llevó" francés. Inmediatamente despois traballou noutra película mítica, "Las damas del Bois de Boulogne", a segunda longametraxe dun dos mellores directores da historia do cinema, Robert Bresson. Ademais, obtería outros dous éxitos cinematográficos: unha adaptación de "La cartuja de Parma" de Stendhal e o

"Orfeo" de Cocteau, onde volveu despregar o seu magnetismo convertida nada menos que na Morte.

A pesar daqueles inicios, e cunhas poucas excepcións, non se prodigou no cinema e a cambio preferiu centrarse no teatro. Alí o público reclamábala con avidez e a crítica adorábala. Interpretou todos os grandes papeis do teatro galo, do grego e do internacional. Gañou o premio Molière por encarnar a Hécuba. Fixo a Genet con Patrice Chéreau e danzou para Maurice Béjart, que dixo dela que facía o amor en escena. Si, unha ARTISTA con maiúsculas.

A soberanía alimentaria. Unha necesidade real

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Sen dúbida, estamos a vivir uns tempos convulsos, moi complexos e que albiscan un futuro inmediato impredecible e moi pouco propicio. A invasión de Ucraína por parte do exército ruso está a provocar morte e destrución, o típico nunha guerra destas características, onde unha potente maquinaria armamentística tenta neutralizar e dobregar a un pobo que non quere desta vez axeonllarse ante os seus atacantes. As imaxes que contemplamos

nos medios de comunicación nas últimas semanas falan por si soas. As consecuencias desta intervención militar a grande escala estámolas a observar desde o primeiro día, visualizadas sobre todo neses centos de miles de refuxiados que cruzaron as fronteiras en dirección á Europa Comunitaria, que esta vez está a respostar de forma inmediata e cun nivel de implicación admirable.

Pero un conflito como este tamén afecta ó conxunto dos países europeos, e non soamente pola marea de persoas que están chegando, senón polo impacto no conxunto da economía. Porque desas terras, tanto de Rusia como de Ucraína, que distan a

máis de tres mil quilómetros de aquí, ven o gas e tamén unha boa parte dos cereais que utilizamos para a elaboración dos panos que alimentan a nosa gandería. Estamos asistindo por unha banda a un auxe desmesurado dos prezos e pola outra certa escaseza –que pode ser incrementada– dalgúns produtos. E aí estamos atrapados, aflorando as nosas deficiencias, en concreto, cubrir as necesidades primarias, as de alimentación. Porque resulta que en Galicia e no conxunto de España non se produce o suficiente millo, cebada, avea, centeo ou trigo para satisfacer a demanda real. Aquí preséntanos unha enorme contradición que nos leva a preguntarnos se

acaso nosoutros, os galegos, non somos quen de, nas nosas agras, campos e chairas, producir todos eses cereais; acaso non se cultivaron sempre e con aceptable éxito de colleitas... Son cuestións que se plantexan de maneira retórica, porque semella evidente que a resposta é Si. Entón, chegamos ata o concepto co que titulamos este artigo: Soberanía alimentaria. Non é de recibo que teñamos que importar millo para o gando desde Ucraína ou desde América, cando aquí existen condicións favorables para o seu cultivo. E o mesmo poderíamos dicir do trigo ou centeo para a elaboración do pan, si, pan do País, o de toda a vida. Ata a produción de xirasol tería probabili-

dades de ser rendible. Atesouramos unhas capacidades que non se están aproveitando.

Igual temos que deixar a un lado esa teima obsesiva de encher o monte de eucaliptos, repensar en ordear o Noso Agro e planificar con algo máis de xeito de cara o futuro. O sector primario é quen produce os alimentos indispensables para a supervivencia humana, de aí a súa importancia, polo que non se pode concebir un país sen esta parte esencial da súa economía. Quizais sexa este un punto de inflexión para dar un xiro de cento oitenta graos e sermos quen de modificar certas tendencias que non levan por bo camiño. Pois a ver ...

Non ás guerras!

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Parece que agora a UE está contra as invasións, porque os estadounidenses levan desde 1775 mais de 61 invasións en 41 países e nunca se viu nos medios unha campaña propagandística similar á que organizaron agora pola intervención rusa en Ucraína. Vendo as televisións, escoitando as radios e lendo os periódicos comisionados polos Governos, dá a impresión de que o mundo vai moi ven, pois din que só hai unha guerra, cando hai tantas e con crisis humanitarias moito mais fortes que a de Ucraína. Guerras contra as que tamén estou, que estaban caladas e seguen mais caladas aínda desde o 24 de febreiro, de aí que o título sexa en plural. Pero a hipocrísia e o racismo destes gobernos occidentais non ten límite, pois recollen aos que escapan daquel inferno mentres protexen as súas fronteiras con vallas de afiadas coitelas para que non entren os que foxen doutras guerras, ou da fame, e deixan afogar no Mediterráneo aos subsaharianos que ousan cruzalo. Sei que Putin é un imperialista, dunha extrema dereita parecida a VOX, polo que diverxemos moito ideoloxicamente, pero iso tampouco me dá dereito a tomar unha postura ante un feito de tanta transcendencia sen analizar antes as causas que propiciaron a súa decisión de intervir nunha nación soberana. Estamos en gue-

rra e hai que reflexionar, dicían os Resentidos. En primeiro lugar, compre ter en conta que esa guerra non empezou o pasado 24 de febreiro, senón que foi en febreiro do 2014, cando mediante unha revolución de cores organizada pola CIA, que coa axuda dos neonazis ucraínos derroca ao lexítimo presidente elixido polo pobo, Víktor Yanukóvich, para meter a Ucraína na OTAN e acurrallar ao oso ruso colocando alí mísiles e destruír ese país.

Logo, o novo goberno prohibiu os partidos de esquerdas, así como falar ruso en Donetsk e Lugansk, polo que estes pobos levantáronse en armas contra os golpistas e decidiron independizarse nun referendo, pero como as autoridades de Kiev non recoñeceron a independencia e tampouco Rusia o fixo daquela, o conflito seguía e só despois, por mediación de Putin, firmaron o Protocolo de Minsk, baixo os auspicios da Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE), acordando parar a guerra e darlles unha autonomía, pero o exército ucraíno e os grupos armados nazis non respectaron ningún dos doce puntos do Protocolo e seguiron bombardeando á poboación rusófila deses pobos, asasinando desde 2014 mais de 14.000 persoas, pero o presidente Volodímir Zelenski facía oídos xordos.

Ante o incumprimento do Protocolo, Rusia chamou a respecto e parar as masacres no este de Ucraína, pero mentres tanto EE.UU non daba puntada sen fío e provocaba constantemente con

manobras militares e incursións aéreas e navais en territorio ruso, co fin de provocar un conflito e prometéndolle a Zelenski que os ían meter na OTAN, cando Putin deixou en todo momento moi claro que esa era unha das liñas roxas que non ía permitir: Non quería mísiles en Ucraína apuntando a Moscova, nin bases americanas nas súas fronteiras, do mesmo xeito que Kennedy non quixo mísiles soviéticos en Cuba en 1962, polo que lles recoñeceu a independencia e decidiu intervir.

A verdade non se pode buscar acochándoa coa censura, e a mentira hai que combatela e desenmascarala coa verdade, pero os occidentais pretenden impoñernos a súa razón censurando “Russian Today TV”, mais de 2.000 medios rusos e o documental que estaba en Youtube, “Ucrania en llamas”, do estadounidense Oliver Stone sobre o golpe de estado de 2014, o que delata que teñen moito que acochar.

Pero, como a mentira ten as patas moi cortas e o seu recorrido é tamén escaso, sempre hai alguén que a destapa. Nesta ocasión foi un experto militar estadounidense e ex-asesor do Pentágono, o coronel retirado Douglas MacGregor, nunha entrevista que calquera pode ver en Youtube si non a censuran, nega as informacións que nos dan os medios occidentais sobre a resistencia do exército ucraíno e o fracaso do exército ruso. Asegura que os “neonazis ucraínos arruinaron os acordos de Minsk”; que Rusia “xa conseguiu todos os seus obxectivos de destruír as



forzas ucraínas” e que si a cousa foi mas lenta do debido é porque “Putin deu ordes estritas de evitar vítimas civís e grandes danos á propiedade”, cando os “governos occidentais aseguran que é pola debilidade rusa e están aportando armas para prolongar a guerra”. Di que esas ordes de Putin frearon o avance dos rusos e deron falsas esperanzas aos ucraínos, o que occidente aproveitou para convencernos de que lle están producindo unha derrota, cando é todo o contrario. Afirmo o militar estadounidense que o obxectivo de Washington é que non haxa unha tregua, alargando o conflito o mais posible para danar mais a Rusia coas sancións económicas e para venderlles mais armas aos probes ucraínos, que pagan coa

súa vida os caprichos do primo de Zumosol, que os meteu no lío e deixounos na estacada.

Outros que pagamos o pato, debido á inflación que se dispara polas sancións a Rusia, somos todos os occidentais. Pero aos gobernantes europeos non lles importa. Eles seguen lambéndolle as botas ao Tío Sam e, na vez de apostar pola negociación e parar a guerra, apostan polo negocio, poñendo mais armas (que tamén pagaremos nós) nas mans de soldados coma o da foto, que leva un parche da coñecida caveira Totemkopf das SS nazis e vai armado con un lanza foguetes español C-40 enviado polo soldado Sánchez, presidente dese goberno que se di progresista.

DEPORTES

O Paradela e O Incio buscan na segunda fase o ascenso a Primeira

Os equipos da comarca de Sarria que xogan en Segunda Galicia comezaron a segunda fase da liga no mes de marzo. Polo de agora, levan xogadas 4 ou 5 xornadas, depende do grupo, nas que se pelexan polo ascenso a Primeira ou o descenso a Terceira.

No grupo de ascenso está o Paradela, lonxe aínda da primeira praza, onde o Becerreá ocupa a única dispoñible para subir a Primeira.

Xunto a el está tamén o Oural, que ten as opcións moito máis complicadas dende a parte baixa.

Ademais destes dous, no grupo están Ferreira, Chantada B, Río Sil, Antas e Milagrosa, que teñen como data tope para escoller ao próximo equipo de Primeira o día 15 de maio.

No grupo pola permanencia na zona sur está situado O Páramo,

situado no medio da praza que respira tranquilo lonxe da praza que envía a Terceira. O grupo conta tamén co Spórting Lucense, que lidera, o Brollón, o Santa Comba e o Quiroga.

No segundo grupo pola permanencia en Segunda está o Incio, este nunha situación comprometida na parte baixa da táboa na que deberá pelexar con Corgo, Palas e Bóveda, este último pechacancelas, por salvar a categoría antes do 1 de maio cando se dará por terminada a competición.

Por outra banda, en Terceira está o Rubián, dentro do grupo 3, que pelexa tamén por unha única praza de ascenso con Carballedo, Sober e Taboada B. As opcións son moi claras porque pouco lle separa do ascenso directo, que se producirá tamén o 1 de maio.

200 atletas participaron na proba Xacorun 2022



Rematou con éxito a proba deportiva Xacorun, na que participaron máis de 200 corredores e corredoras. A carón do Concello de Sarria iniciouse da proba na modalidade máis longa, cun percorrido de 22 quilómetros ata Portomarín, coincidindo co trazado do Camiño de Santiago. A carreira, organizada por Club Pre-torianos, tamén ofreceu unha opción máis curta, de 11 quilómetros, con saída en San Miguel de Biville. Trátase dunha experiencia que tiña como obxectivo achegar o Camiño de Santiago aos atletas lucenses, que poderán desfrutar dunha con-torna idílica.

O gañador da proba de 22 km foi Jose Canda Louzao que realizou o

percorrido en 1 hora 18 minutos e 45 segundos, a primeira muller en cruzar a meta foi María Jesús Conde Rodríguez que rematou a proba en 1 hora 44 minutos. Os gañadores da proba de relevos foron Javier Fernández García e Manuel Carpente Vázquez, mentres que a primeira parella mixta que chegou ao final foi a que conformaban Sergio Monteagudo Rodríguez e Maite Salgado. Por último, o gañador da proba de 11 quilómetros foi Alejandro González Casanova na categoría masculina e Sé Senade na feminina.

O terreo polo que transcorreu a proba foi unha combinación de terra e asfalto aínda que a maior parte do percorrido será por terra.

Volve a Copa Deputación de fútbol

O deputado de Deportes Efrén Castro presentou a XXXVIII Copa Deputación de Fútbol nas categorías sénior, na que participarán 76 equipos de Liga Galega 1ª e 2ª División Feminina, Preferente Autonómica Masculina, Primeira, Segunda e Terceira Autonómica Masculina.

A competición, que arrancará o 17 de maio, ofrece aos equipos a posibilidade de participaren nunha competición de ámbito provincial, con alicientes competitivos diferentes aos das ligas, ao tempo que supón unha inxección económica para os clubs xa que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo concederá premios aos conxuntos participantes, en función dos partidos disputados e das eliminatorias superadas (entre 385 e 450 euros por eliminatoria xogada como visitante e 450 e 600 por eliminatoria xogada como local, segundo as categorías).

Efrén Castro sinalou que “o patrocinio desta competición responde ao compromiso da Vicepresidencia da Deputación co tecido deportivo, ao que se ofrece apoio económico con distintas liñas de axuda e tamén oportunidades para competir e seguir formando aos xogadores e xogadoras” e lembrou que “ao longo do ano se celebran tamén competicións de ámbito provincial noutras disciplinas como o baloncesto, o atletismo ou piragüismo con ese mesmo obxectivo”.

O deputado de Deportes sinalou tamén “que a incidencia social dun deporte como o fútbol, que conta con moitas persoas afeccionadas, converte tamén esta competición nunha oportunidade para a dinamización das localidades que acollen os partidos”.

No acto de presentación, no que participou o vicepresidente da Federación Galega de Fútbol Carlos Méndez e o delegado en Lugo Manolo Vilachá e que contou coa presenza de persoal directivo de medio cento de clubs, realizouse o sorteo para definir os emparellamentos nas distintas categorías, que se xogarán en seis xornadas.



SEGUNDA/TERCEIRA	
Fase Previa	Dezaseisavos
Nuevo Nausti-Meira	Roupar-Iberia
Friol B-Goiriz	Rioaveso-Nuevo Nausti/Meira
Cospeito-Muimenta	Friol B/Goiriz-Cospeito/Muimenta
Xermade-Cabreiros	Candelaria-Xermade/Cabreiros
Fonsagrada-San Ciprián	Catro Roldas-Comercial
Barreiros-Abadín	Fonsagrada/San Ciprián-Barreiros/Abadín
Matela-Goiriz	Matela/Goiriz-Cazás/Celeiro
Cazás-Celeiro	Castro B-Mondoñedo
Bóveda-Paradela	Oural-Bóveda/Paradela
Sober-Monterroso B	Sober/Monterroso B-Relámpago/Chantada B
Relámpago-Chantada B	Carballedo/O Incio-O Páramo/Becerreá
Carballedo-O Incio	Lemos B/Corgo-Rubián
O Páramo-Becerreá	Castroverde-SP Lucense/Brollón
Lemos B-Corgo	Ferreira/Palas-Río Sil
SP Lucense-Brollón	Antas/Quiroga-Taboada B
Ferreira-Palas	Milagrosa-Santa Comba
Antas-Quiroga	

A Deputación convoca 185 bolsas para deportistas individuais

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou as bases da convocatoria dos premios para deportistas individuais, cun orzamento de máis de 86.000 euros. Son 185 bolsas coas que a Vicepresidencia da Deputación promove a participación continuada e progresiva dos deportistas lucenses de base nas distintas disciplinas, recoñecendo os seus logros e favorecendo o progreso na súa formación integración integral.

As contías variarán entre os 300

e os 2500 euros en función dos resultados deportivos acadados en probas e campionatos en cada nivel de competición, desde os campionatos provinciais ata as olimpíadas, ao longo de 2021.

Resérvase unha porcentaxe mínima do 7% deses 185 premios para deportistas con capacidades diferentes, é dicir, un total de 13 premios que de non seren cubertos, pasarían automaticamente ao resto de deportistas solicitantes.

CALENDARIO

- Fase Previa: 17 de maio
- Dezaseisavos de final: 22 de maio
- Octavos de final: 29 de maio
- Cuartos de final: 5 de xuño
- Semifinais: 12 de xuño
- Final: 19 de xuño

Láncara volve posicionarse no panorama deportivo co Puebla Futsal



O Concello de Láncara sempre tivo unha gran afección polo fútbol sala, nos seus tempos contou cun equipo que xogou en División de Honra durante dúas tempadas. Dende ese momento non volveu haber ningún club nin equipo deste deporte ata a actualidade, cando o Puebla Futsal recuperou esta actividade.

O Puebla Futsal é un equipo nado en Láncara moi recentemente. Aínda que foi fundado no 2020 comezaron a adestrar e competir este ano, xa que debido á pandemia non houbo competición na tempada anterior. O club nace ante a necesidade dunha agrupación deportiva dedicada ao fútbol sala, os máis novos tiñan que marchar fóra de Láncara para atopar un equipo no que xogar, polo que foi froito dunha demanda social e a paixón dun grupo de veciños xa vinculados a este deporte.

Este é un proxecto novo que naceu na Pobra de San Xiao a raíz do interese que mostrou a xuventude do Concello que despois de formar parte das escolas municipais botaban en falta un equipo de referencia nas categorías de maior idade. A acta de constitución do equipo foi o 14 de agosto de 2020, unha data que a día de hoxe xa forma parte do club ao converterse no número de lotería de Nadal que colleron no ano 2021 e pretenden coller nun futuro (14820). O club está composto por empresarios, hostaleiros e xente interesada no mesmo da Pobra do San Xiao e de localidades do Concello de Láncara. A directiva está for-

mada por 15 persoas sendo o presidente Arturo Luseiro. Forman parte da directiva Julio Cosme, ex-xogadores coma Charly, David e Julio (Chucu).

O obxectivo deste club é xuntar aos cativos da zona e intentar enganchar a xente ao fútbol sala. Dando como resultado un equipo moi novo, con rapaces de 18-19 anos, cunha media de idade moi baixa. Na actualidade están a xogar na primeira autonómica senior.

O club realiza diferentes actividades solidarias e de apoio como a andaina polo Día da Muller ou a recollida de materiais para Ucraína

Despois de consolidar o equipo na vila, unha finalidade máis que lograda, o obxectivo principal era quedar entre os catro primeiros equipos na clasificación para poder optar ao ascenso, este realizouse despois de acadar o segundo posto na táboa.

Hoxe en día o club conta con 200 socios, 80 máis infantís, de 0 a 16 anos que é de carácter gratuíto, 40 socios colaboradores e 7 patrocinadores.

A acollida por parte dos veciños é moi positiva, isto reflíctese na

gran afluencia de público nos partidos, incluso nos de fóra da casa. No pavillón do Concello chegou a haber sobre 300 persoas. Ademais, puxeron a disposición dos interesados camisetas como as do primeiro equipo que poden mercar.

Ademais dos adestramentos e partidos, o club realiza diferentes actividades solidarias e de apoio como a andaina polo Día da Muller ou a recollida de materiais para Ucraína, debido a situación que está a vivir o país.

A iniciativa de colaboración con Ucraína naceu a raíz dunha conversa co xogador ucraíno do CD Lugo. A través dese contacto o equipo comezou a recadar os materiais solicitados pola Asociación de ucraínos de Lugo e incentivados polo sorteo dunha camiseta firmada polos xogadores, os veciños de Láncara mostraron a súa solidariedade co país veciño.

De cara ao verán están prantexando a organización de campamentos de fútbol sala de entre 3 e 5 días de duración, buscando dar maior acollida aos pequenos das escolas deportivas que xa están moi ligados e senten admiración polo equipo do seu municipio.

Un club destas características sobrevive a través das cotas dos socios, os colaboradores, subvencións e merchandising. O club pon á venda bufandas, chándales e camisetas de diferentes tallas incluídas as de bebé.

Tamén están moi presentes nas redes sociais, contan con perfil en Instagram e Facebook.



O equipo sénior (abaixo) no día contra a violencia de xénero (no medio)

TELÉFONOS DE INTERESE

LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77
Garda Civil: 982 54 31 47
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

PARADELA

Concello: 982 54 11 01
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

SARRIA

Concello: 982 53 50 00
Policía Local: 982 53 08 50
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11
982 53 21 12 / 982 53 21 13

SAMOS

Concello: 982 54 60 02
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

O INCIO

Concello: 982 42 70 14
Garda Civil: 982 42 00 46
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | **Incendios Forestais: 085**
Urxencias Sanitarias: 061 | **Garda Civil: 062**



TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

DE RUTA EN RUTA

Samos: Ruta Serra do Édramo

Ao longo do roteiro, de 18 quilómetros e dificultade media, pódense ver túmulos dende o Neolítico ata a Idade de Pedra

Este roteiro comeza no Castro de Formigueiros e finaliza no de Margarida seguindo a Serra do Édramo, que está situada entre os ríos Sarria e Mao. Este roteiro permite ver, ademais dos castros, as paisaxes da Galicia interior. Ten un percorrido de 18 quilómetros e a duración será de 4 horas sendo de dificultade media. Ao longo do roteiro pódense ver os túmulos do Neolítico á Idade de Bronce. Un deles ten clamásea funeraria descuberta.

Durante a realización deste roteiro pódense facer varios desvíos. O primeiro cara á Pena Grande a 838 m. de altitude e da cal se pode gozar das vistas que se alcanzan desde o seu miradoiro. O segundo para visitar Samos.

Ao chegar ao concello de Samos hai varias cousas que chaman a atención. A máis importante é o mosteiro. Outra delas é unha serra de ladeiras boscosas que está xusto ao carón do mesmo, ao outro lado do río: a serra do Édramo.

O percorrido comeza mesmo en Samos e nos primeiros quilómetros vai pouco a pouco en constante subida ata chegar ao alto da serra, na



súa parte situada máis ao sur. Aquí pódese ver o castro de Formigueiros situado nun outeiro a case 800 metros de altitude. Neste punto tomarase unha cómoda pista que atravesa a serra ata o norte pasando por numerosos túmulos megalíticos. Nesta zona tamén se gozará dunha ampla paisaxe en diferentes miradoiros sobre o val de Samos e o val do Mao, no Incio.

Logo de cruzar a serra collerase un camiño que en descenso leva a Vilar do Real, pero antes de chegar verase unha impresionante alvariza á beira do camiño. Máis adiante, tras cruzar a estrada chégase a San Martiño do Real, onde se seguirá durante dous quilómetros o camiño de Santiago, ata chegar novamente a Samos.

O inicio do percorrido é en ascenso constante cara ao sur por unha ladeira boscosa practicamente coas árbores espidas, o que permite admirar a paisaxe capitalizada nos primeiros pasos polo Mosteiro de Samos.

Continuarase percorrendo algún pequeno bosque non demasiado espeso o que permite ter sempre sempre

unha visión do val e, xa chegando ao límite sur da ruta, poderase divisar Sarria e máis ao lonxe a cidade de Lugo, pero iso vai ser cando se colla algo de altura e se alcance a zona de monte pelado, pois os montes deste do son alomados, dando lugar a grandes superficies abertas, ocupadas por matogueira intercalada con pastos. Algún pequeno rochedo completa o panorama. No fondo do val, o río Mao corre limpo, flanqueado por un importante bosque de ribeira.

Practicamente no alto, a ruta pola serra comeza moi perto da estrada que comunica Samos con Val do Mao e o val do Lúzara, e discorre polos límites dos concellos de Samos e O Incio. Na subida cara ao castro de Formigueiros chama a atención, ao lonxe, a escultura composta por un mamut adulto e unha cría, pois O Incio quere reivindicarse como a terra do mamut, por ser o único lugar de Galicia no que apareceron restos deste animal. Cabe salientar que algúns destes restos foron doados por Isidro Parga Pondal á USC e hoxe pódense atopar na colección do Museo de Historia Natural da USC, situado no parque de Vista Alegre santiagués, de moi recomendable visita.

O castro de Formigueiros destaca pola magnitude e complexidade das súas defensas, coroadas por unha potente muralla. A sucesión de foxos, parapetos e plataformas danlle a todo o sistema defensivo un carácter labiríntico. O castro ten sona hoxe polo achado de lousas con peixes e cabalos gravados. No interior poden verse varias casas castrexas e un sector da muralla escavado, coas escaleiras de acceso.

Unha vez pasado o castro de Formigueiros, a ruta atravesa a necrópole megalítica do Campo de Valentín, e pódense ver varias medorras na beira do camiño. Son túmulos do Neolítico á Idade do Bronce, e un deles ten descuberta a cámara funeraria, o dolmen ou anta.

Continuarase pola pista comodamente ata que damos, á esquerda do camiño, cun desvío sinalizado que leva ao miradoiro de O Castelo, ao que se chega tras un percorrido duns

450 metros. A pouca distancia do miradoiro hai unha pequena construción que foi utilizada como refuxio para o pastoreo. Xusto á beira está o marco xeodésico da Vila e os restos do que puido ser unha torre de vixilancia, desde a que se poden divisar os castros de Formigueiros e da Margarida. Desde o miradoiro gózase dunhas belas vistas da vila de Samos e a súa contorna e, raiando o horizonte, distínguese a vila de Sarria e varios pobos do seu municipio.

O camiño segue por este mundo funerario na penechira do Édramo ata chegar ao Castro da Margarida, en moitos aspectos similar ao de Formigueiros. Para chegar ata el é preciso torcer á man esquerda por un camiño que leva ata a súa base. Baixando do mirador xa se pode ver o imponente Oribio. Logo de pasar por Vilar do Real, ao acadar a estrada que vai de Samos a Triacastela, abandónase a pista continuando a baixada ata dar co Camiño de Santiago en San Martiño do Real, vía pola que se seguirá durante uns dous quilómetros ata chegar novamente a Samos.

DATOS



4 horas



18 km.



Dificultade media



DESCUBRE EL MEJOR BACALAO, AHORA EN SUS PRODUCTOS PRECOCINADOS

Bacalao con garbanzos
Bacalao con pisto

TODO EN ALIMENTACIÓN

Refrigerados y Congelados

* Hostelería
* Colegios
* Colectividades
* Panaderías
* Tienda Tradicional



Polígono industrial, P. 47 B - 27800 Villalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / www.representacionescabarcos.com